escarcela. E vemos tamén na cantiga 144 unha imaxe case idéntica, aínda que sen *baculus* nin escarcela, que corresponde a un mendigo, que, por conseguinte, nos da a imaxe básica do pelegrín, á que, como distintivo, non houbo máis que engadir os elementos xa coñecidos: Libro (apóstolo), *baculus*, zurrón ou escarcela e/ou cantimplora/calabaza e logo a venera, como elementos esenciais.

O noso, coma o de León e o mendigo e o pelegrín das *Cantigas*, viste unha pelliza (*piel*, *pellicia* ou *pellizón* dirían os documentos) (4) co pelo para fóra, cousa, ó parecer, descoñecida nos Santiagos Pelegríns de Galicia. Suxétase no frente, montando a parte dereita sobre a esquerda. Esta prenda ten un corpo superior que chega á altura da cintura e que cubre os brazos, que irían á súa vez vestidos polas mangas do xubón (aínda que este detalle non se ve). A parte máis longa da pelliza non chega ós pés e deixa ver, por conseguinte, o saio, prenda intermedia entre a pelliza e o xubón.

Este saio, que tamén podería ser un *brial* (5) sinxelo ou unha *garnacha* (6), é longo e chega ata os pés. A maneira en que están esculpidos os pregos é semellante á do suposto Nuño Freire de Andrade, Mestre de Christus (procedente de San Francisco de Betanzos e hoxe no Museo das Mariñas) (7), á do xurado Pedro Martiz Reimóndez (San Francisco) e á do notario Joan Bonome (Santa María do Azougue) (8), todos eles sepulcros que poden datarse entre os anos 70 do s.



Fig. 5.- Nesta representación florentina de 1519 dun milagre de tres pelegríns que lan a Santiago de Galicia (traduzo), un deles (o da dereita) aínda ten a pelliza coma o noso de Betanzos. Florencia, Biblioteca Nazionale, Palatino E.6.7.56$^{VI.17}$. *Tomado do catálogo de* Europalia 85 España. Santiago de Compostela: 1000 ans de Pèlerinage Européen, *p. 473.*

XIV e os primeiros anos do XV.

Alternan pregos redondeados (convexos nos bordes e cóncavos no medio) con outros de sección triangular. Este aspecto é o que permite datar a estatua nas últimas décadas do século XIV, podendo supoñer que era unha das que estaba nas esquinas interiores do claustro do mosteiro de San Francisco de Betanzos, construido por Fernán Pérez de Andrade e rematado no 1387. Faceríase, polo tanto, a estatua neses anos 70 ou 80.

Desde logo si estaba ancorada a unha parede pola parte posterior, posto que aínda queda aquí unha zona sen esculpir, destinada a esa función.

Na man dereita leva o bordón ou *baculus*, utilizado para axudarse a camiñar

(4) BERNIS MADRAZO, Carmen. *Indumentaria medieval española*. Madrid, Instituto Diego Velázquez del CSIC, 1955, pp. 15-16.

(5) O brial era unha prenda típica da moda románica do século XII, cuberto frecuentemente por unha pelliza. BERNIS MADRAZO, Carmen. *Op. cit.* p. 17.

(6) Unha representación típica da *garnacha* pode verse en ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (II)". En: *Anuario Brigantino 1988*, nº 11, p. 149.

(7) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus". En: *Anuario Brigantino 1991*, nº 14, Concello de Betanzos, 1992.

(8) Véxanse máis adiante, neste mesmo traballo, representacións do xurado Pedro Martiz Reimóndez e do notario Joan Bonome.




Fig. 6.- Santiago Pelegrín de Betanzos (s. XIV). Reconstrucción hipotética de Alfredo Erias.

e como defensa. Non ten remate especial na parte superior, pero na inferior deixa ver claramente unha aguda contera, entendida como unha peza de metal (unha especie de aguillón invertido) que tiña como finalidade clavarse no chan e así permitir un mellor avance ó pelegrín e mesmo unha mellor defensa diante dos moitos perigos. Arredor do *baculus* vemos unha cinta que se entrecruza e que probablemente era levada como un elemento auxiliar de múltiples usos. Precisamente un dos pelegríns do sepulcro de Don Martín Rodríguez da catedral de León, xa mencionado, presenta unha cinta parecida, pero utilizada nunha perna, aparentemente ferida.

Na man esquerda leva o Libro do Evanxeo, que o distingue, como apóstolo, do común pelegrín. Un libro protexido por ferraxes e pechado cun selo: con el anuncia a Boa Nova.

Por debaixo da parte superior da pelliza, no seu costado esquerdo, déixase ver, colgada de cintas de coiro unha cantimplora (noutros casos será unha calabaza, que tamén pode estar atada ó *baculus*), perfectamente esculpida, e que semella ter como única finalidade levar un líquido frío en función de que quizais tiña dúas paredes entre as que se podía meter xeo (9). En calquer caso, con doble parede ou non, ahí levaba o pelegrín o seu viño, ou, se non había máis remedio, a súa auga (10). A utilización da cantimplora como un dos *signa* do pelegrín era ata agora un elemento descoñecido en Galicia, segundo o Profesor Moralejo.

Os pés van calzados, se ben o escultor non pormenoriza a penas.

O pelegrín leonés do sepulcro do bispo Don Martín Rodríguez leva unha pelliza en todo semellante á do noso, aínda que o tratamento é moito máis realista, como corresponde a un mellor escultor e a un momento anterior no estilo. O *baculus* alí remata nun pomo, que non vemos no de Betanzos. E, por debaixo da parte superior da pelliza (no de León) déixase ver en diagonal, do hombro dereito ó costado esquerdo, unha cinta ancha de coiro da que colgaría (porque non se ve) unha camtimplora ou unha escarcela (quizais como a que teñen os demais compañeiros pelegríns), da que sacaría a escudilla que amosa en solicitude de comida. En Betanzos, a cantimplora parece caer do mesmo hombro esquerdo ou do brazo.

O pelegrín de Betanzos é, polo tanto, o resultado de esquematizar un modelo que tiña plena vixencia máis de 100 anos antes fóra de Galicia. E iso recórdame que Fernán Pérez de Andrade fai algo semellante co sepulcro da súa muller, Sancha Rodríguez, e co seu propio, onde se poden ver influencias de modelos anteriores de Castela e Portugal (11). Entra pois este Santiago Pelegrín dentro do mundo intelectual de Andrade, onde os libros miniados debían ter un papel importante como referencias a utilizar. Resulta curioso, nembargantes, que, a diferencia doutras obras súas, ésta non parece que tivera seguidores en Galicia. É máis, as imaxes doutros pelegríns posteriores da propia igrexa (nun capitel da tribuna, debaixo da que hoxe está o sepulcro de Andrade "o boo") xa non garda ningún parecido con éste. E menos semellanza ten aínda o Santiago sedente con *baculus* en *tau* e man na barba, á esquerda do frente da dita tribuna.

***

(9) MOLINER, María. *Diccionario de uso del Español*. Madrid, Gredos, 1970, voz "cantimplora".

(10) VÁZQUEZ DE PARGA, ... *Op. cit.*, t. I, pp. 127-128.

(11) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, ... *Op. cit.*



Fig. 7.- Restos dun aximez que apareceu co Santiago Pelegrín e que é orixinario dalgunha parte da igrexa/mosteiro de S. Francisco de Betanzos. Reconstrucción hipotética de Alfredo Erias.

En relación ó contexto do achádego cabe dicir que no mesmo nivel había outras pezas medievais (hoxe tamén no Museo das Mariñas), todas elas cubertas por unha capa fina de area que as separaba das demais pedras que estaban enriba e que conformaban o resto da cimentación. Segundo Don Serafín Moralejo, esta area responde a un rito aplicado inmemorialmente cando se enterraba unha estatua ou calquer outro obxecto que tivera connotacións relixiosas. Por conseguinte, parece evidente que aínda que estes elementos foran reutilizados como pedras vulgares, algo do seu significado quedaba (sobre todo no caso da estatua) para que os canteiros lles desen unha especie de enterro ritual.

As pezas medievais que acompañaban á estatua poden clasificarse do seguinte xeito: restos de materiais constructivos e restos de sepulcros.

Os materiais constructivos son: dovelas de nervios de bóveda, dovelas de arcosolios, unha ménsula con ornamentación vexetal e restos do que parece un aximez. Éste ten semellanzas, por unha parte, coas ventás longas aximezadas do ábside de San Francisco e, pola outra, coa arcada do claustro antigo de San Francisco de Santiago.

Nembargantes, non parece que sexa un resto de arcada do claustro, por dúas razóns: 1) porque as numerosas pezas que del temos (basas e capiteis dobles) configurarían un claustro semellante ó de San Francisco de Ourense ou, máis perto (e obra tamén de Andrade, fundación de 1392), ó de Santa Catalina de Monte-Faro, e 2) porque a peza central que temos presenta na parte inferior unha entalladura que demostra que non

remataba no ar como a arcada citada de San Francisco de Santiago, senon que se unía a unha columniña central. Isto configura, polo tanto, un aximez (conxunto de dúas ventás rematadas en arco, neste caso trilobulado, e separadas por unha columniña), quizais dalgún dos corpos de edificio do mosteiro ou da propia igrexa, que chegou a nós moi alterada nos muros da nave central.

Aínda hai outra peza, que non parece medieval (a falta dun estudio máis profundo, podería datarse arredor do s. XVII), pero resulta moi curiosa. É unha base granítica paralelepípeda con adornos de veneras (tema xacobeo). Apareceu tamén ocasionalmente ó pé da parede occidental (polo exterior) das antigas Escolas de S. Francisco.

Desde logo serviu de soporte a algo e quizais á mesma estatua do pelegrín, nunha segunda e hipotética ubicación.



Fig. 8

En calquer caso, estatua e base fan un conxunto suficientemente armonioso e así as instalei no Museo das Mariñas.

II. OS QUE DEIXARON MEMORIA EN LAUDAS SEPULCRAIS PLANAS

Os restos sepulcrais que acompañaban ó pelegrín corresponden todos a laudas planas dos séculos XIV e XV, hoxe no Museo das Mariñas.

De todas elas destaca un extremo inferior esquerdo (vista a lauda de frente) coa seguinte inscrición: + HIC : IAC[ET... ANNO DOMINI MCC]CV . Isto é: 1305, o que a converte na máis antiga datada de Betanzos e na única medieval coñecida na cidade con texto en Latín.

Doutra (probablemente do s. XV) somente se conserva un anaco da parte lateral dereita (vista de frente) e nel vemos en baixorreleve (letras en resalte) a lenda [MA]RTIS: un apelido corrente no Betanzos baixomedieval: lembremos, por exemplo, o sepulcro do xurado Pedro Martiz Reimóndez na igrexa de San Francisco.

Noutras partes do edificio había máis restos de sepulcros. Así, servindo de dintel a unha porta interior estaba unha lauda plana, na que se representa unha venera e unha flor de lis (12),

(12) A venera, ligada á idea do nacemento-morte-renacemento, aparece xa en enterramentos paleolíticos. Pero aquí vemos a cuncha do pelegrín xacobeo que debe simbolizar o camiño emprendido pola alma da defunta na percura da pureza, de Xesucristo, da árbore da vida, da vida eterna, da resurrección en definitiva... Ideas todas que simboliza a flor de lis (emparentada e mesmo confundida simbólica e formalmente coa flor de loto), que á súa vez tamén é ancestralmente un símbolo solar. Unha flor que se abre (renace) saíndo das augas cenagosas. Véxase CHEVALIER, Jean e GHEERBRANT, Alain. *Diccionario de los símbolos*, Barcelona, Herder, 1988, voces "concha, lirio, azucena, lis, loto". Véxase tamén, MILLÁN GONZÁLEZ PARDO, Isidoro. "El mosaico del pavimento superior del edículo de Santiago y su motivo floral. Aportaciones al estudio de la tradición jacobea". En: *Compostellanum*, v. XXVIII, nºs 3-4, pp. 173-372. Resulta moi curioso ver neste traballo os mosaicos sepulcrais de Uppenna (Túnez) en laudas paleocristianas con presencia reiterada de lotos.



Fig. 9.- Lauda sepulcral máis antiga datada (1305) de Betanzos e a única medieval coñecida na cidade con lenda en Latín.



Fig. 10.- Anaco de lauda co apelido Martís.




Fig. 11.- Lauda da muller de "Santiago do Vabío".

que presenta a seguinte inscrición: [AQI : IAZ : ... : MOLLE]R : DE : SANTIAGO : DO VABIO : Probablemente se pode datar no s. XV.

Coa representación en baixorreleve do xacente, temos tamén a lauda dun [... NJOTARIO : DESTA : CIBDAD, que procede do entorno de S. Francisco e que se atopa desde hai anos no Museo das Mariñas. Dun taller diferente ó dos sepulcros betanceiros de vulto, esta lauda presenta un debuxo ríxido e sumario, máis semellante a traballos que coñecemos na Coruña para finais do s. XIV e todo o s. XV (século ó que pertence). Nembargantes, o modelo do xacente remite ós sepulcros do xurado Martiz e do notario Bonome (v. máis adiante).




Fig. 12.- Lauda sepulcral plana, traballada en baixorreleve, dun "notario desta cibdad". Este debuxo serviu de base para a súa reconstrucción no Museo das Mariñas.

III. UN XACENTE SEN LEITO

Trátase dun cabaleiro con armadura, moi semellante ós dous Aras Pardo, tanto ó de Monfero, como (e sobre todo) ó de San Francisco de Betanzos (13).

Son somente catro anacos, procedentes do entorno da igrexa-mosteiro de San Francisco de Betanzos e que xa se atopaban no Museo das Mariñas: a man dereita, o codo esquerdo, a perna dereita e o pé dereito, que apoia sobre a cabeza dun can. Poucos elementos, pois, pero suficientes para datar este sepulcro entre as décadas finais do s. XIV e, quizais os primeiros anos do XV. Era desde logo un sepulcro tan impresionante (pola finura da labra e polas dimensións que semella ter) como o de Aras Pardo, o fillo (o de Betanzos), e supón a constatación dun desastre máis da nosa cultura.

No Museo das Mariñas, onde está, fixen unha reconstrucción coas pezas que había e imaxinando con puntos algo do resto. Confío que, polo menos así, se poida ter mellor idea da importancia desta lauda sepulcral. Quizais o futuro aínda nos reserve máis sorpresas arredor desta obra.

IV. UN LEITO SEN XACENTE

No medio da parede occidental do mesmo engadido Sur do edificio das antigas Escolas de San Francisco, ó lado dunha ventá, apareceu, agora tamén, o leito dunha lauda sepulcral, pero de vulto. O xacente non está e só quedan as pegadas do cincel. Pero quizais corresponde a quen supoño Nuño Freire de Andrade, do que temos a figura, que precisamente se rachou do leito, no Museo das Mariñas. É mágoa que a lenda que ía no canto frontal apareza xa de vello total e voluntariamente raída: non creo que se poida ler nunca.

(13) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, ... *Op. cit.*




Fig. 13.- Restos da lauda sepulcral dun cabaleiro das derradeiras décadas do s. XIV ou comenzos do XV, orixinario da igrexa/mosteiro de San Francisco. Aquí vémolo tal como o reconstruín hipotéticamente no Museo das Mariñas.



Fig. 14.- Leito dunha lauda sepulcral de vulto do que se rachou o xacente.

VI. DOUS XURADOS DE BETANZOS

Pedro Martiz Reimóndez

"AQI : IAZ : P[EDR]O : MARTIZ : REIMONDEZ : IURADO : DE : BETANCOS"

O seu sepulcro atópase na parede Oeste do alongamento do brazo Sur da igrexa de San Francisco de Betanzos. A inscrición que aparece na parte superior e no borde frontal do leito di o seguinte: AQI: IAZ: P[EDR]O: MARTIZ: REIMONDEZ: IURADO: DE: BETANCOS.

Na Galicia medieval os xurados completaban o concello aberto, onde, ó parecer, só tiñan voz. Representaban ós habitantes da vila en defensa dos seus privilexios, elevando recurso ó Rei se era preciso. Fiscalizaban as contas dos maiordomos, a confección de padróns para fins electorais e de servicio militar, o reparto de tributos entre os veciños, etc. e axudaban tamén ós alcaldes na con-




Fig. 15.- O "iurado" chosco de Betanzos, Pedro Martiz Reimóndez.

servación da orde pública.

Nas vilas de realengo, como era o caso de Betanzos, elixíanse anualmente (o mesmo que os alcaldes) polas parroquias en que se dividía a poboación (en xeral dous por cada unha), formando un cabildo que, se ben estaba integrado no Concello, mantiña unha certa independencia (14).

Aparecen frecuentemente nos documentos como *notarii iurati*, de tal maneira que ás funcións propias do *notarius publicus*, engaden a representatividade do *iurati*. De tódolos xeitos a complexidade das funcións destes personaxes é grande, apartándose moitas veces da teoría que procede do *Fuero Real* ou das *Partidas* (15).

É evidente que non tódolos xurados tiñan a mesma importancia e consideración social: os sepulcros de Pedro Martiz e de Alonso Ianeyro, como veremos, amosan claramente esas diferencias

Pedro Martiz viste unha prenda talar que pode calificarse como unha *garnacha* evolucionada, que sen ser idéntica á típica que coñecemos do suposto médico de San Francisco (por exemplo non presen-

(14) *Diccionario de Historia de España: Desde sus orígenes hasta el fin del reinado de Alfonso XIII.* Madrid, Revista de Occidente, 1952, voz "Jurados".

(15) LUCAS ÁLVAREZ, Manuel. "Documentos notariales y notarios en el monasterio de Osera". En: *Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas. V, Paleografía y Archivística.* Universidad de Santiago de Compostela, 1975, pp. 223-240.




Fig. 16.- Lauda sepulcral do "iurado de Betancos" Pedro Martiz Reimóndez.

ta as dúas pequenas *lengüetas* que adornaban o escote), máis antiga (16), si mantén características básicas, como o feito de caer solta sen cinguirse e mesmo presenta as mangas facendo corpo co resto da prenda.

O feito de que esas mangas se acurtaran é un dato máis coñecido da evolución da *garnacha* que nos fala dun momento posterior ó clásico da prenda. E isto ratifícase pola propia cronoloxía do personaxe, que vivía no 1396 e que debeu morrer neses anos finais do século XIV. Pero ratifícase tamén pola condición social deste "iurado" Pedro Martiz, porque é sabido que a *garnacha* neste momento xa non resulta unha prenda habitual, aínda que si permanece en certas profesións como signo de alta dignidade.

Desas mangas saen os brazos cubertos, á súa vez, polas mangas do xubón, que se abotonan con sete botóns cada unha. O xubón, que cubría só medio corpo e era unha prenda axustada, déixase ver aquí tamén no pescozo (o colar do xubón).

A cabeza cúbrese cun fermoso bonete, esculpido con moito detalle. E logo vemos a faciana e comprobamos que ten unha barba curta, co beizo superior afeitado en forma de triángulo, de xeito característico e común a outros xacentes de Betanzos (17). Pero o máis sorprendente está nos ollos, porque mentres o esquerdo está pechado (o que é corrente nos xacentes desta época) o dereito aparece claramente aberto ou entreaberto. Semella que nos chisca o ollo desde o alén ou que llo chisca á morte. Mais non creo que haxa aquí lugar para elucubracións e o que, con toda probabilidade, representa é un ollo chosco. Ou dito doutra maneira: Pedro Martiz Reimóndez era cego dun ollo e o escultor quixo representar ese aspecto personalizador.

Iconográficamente hai unha referencia ó *moymento* de Fernán Pérez de Andrade e ó que supoño da súa muller Sancha Rodríguez na utilización de elementos litúrxicos como son os anxos intercesores ós lados da cabeza do defunto. Nesta liña tamén pode considerarse como outra referencia a Andrade a utilización dun can fidel ós pes e mesmo quizais a espada de cabaleiro.

A espada, nun home coma el, sen armadura, hai que considerala como outro símbolo máis de dignidade e autoridade, á que se engade o de nobreza nese escudiño do remate que amosa unha vanda (relativa á Orde da Vanda), semellante á do escudo de Fernán Pérez de Andrade, con quen debeu ter unha fonda relación ou mesmo algún parentesco.

De Pedro Martiz Reimóndez sábese que foi un dos que representou ó Concello de Betanzos diante de Alfonso XI no mosteiro de San Francisco da Coruña (18) o 17 de xullo de 1345. Os de Betanzos eran: *gonçalo yanes de porta et iohan peres et ferrand peres medo et* ***pero martis rreymonde*** *et pero bufon*. Alí lle amosaron ó Rei os privilexios betanceiros relativos ó porto, motivo de enfrentamento coa Coruña, mais sen moito éxito, posto que, segundo o Rei, *la crunna es el vno de los sennalados puertos que a en el nuestro sennorio... et estan y muchos Naujos para nuestro sserviçio lo que no poden fazer en betanços... puerto... en Rio et non logar do*

(16) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (II)". *Op. cit.* O sepulcro deste médico eu datarioo entre mediados do s. XIV e os anos 80. Tipolóxicamente é, desde logo, o sepulcro máis antigo (dos de vulto) que existen en Betanzos

(17) Véxase un gravado comparativo en ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (II)". *Op. cit.* p. 154.

(18) VALES VILLAMARÍN, Francisco. "Los enterramientos de la iglesia de San Francisco de Betanzos". En: *La Coruña Paraíso del Turismo*, 1969.




Fig. 17.- Sepulcro do "iurado de Betancos", "Alonso Ianeyro". O presente debuxo serviu de base para a súa reconstrucción no Museo das Mariñas.

puedan entrar grandes Nauios (19).

Pedro Martiz debía ser un mozo ou pouco máis cando tivo este importante protagonismo. Despois xa non sabemos nada del ata que, xa moi vello, o atopamos xunto á súa muller, *Maria Rodrigues* vendendo unha leira en Betanzos a un tal *Fr. Lope Manteiga.* Facíase este documento o 28 de decembro de 1396 (20).

É evidente que eran os derradeiros anos da súa vida e quizais xa non chegou ó século XV. Porque se supoñemos, polo baixo, que no 1345 tiña 30 anos, agora tería 81.



Fig. 18.- Grabado na primeira páxina das "coplas que hizo don Jorge Manrique a la muerte del maestre de Santiago su padre [1476]."

Alonso Ianeyro

Procedente do xardín que flanquea a parede S. da igrexa de San Francisco de Betanzos (e polo tanto hai que supoñer orixinaria desa igrexa ou do seu desaparecido mosteiro), atópase no Museo das Mariñas de Betanzos unha lauda sepulcral moi sinxela, de sección exagonal irregular (básicamente triangular cun gran chafrán no ángulo superior e dous máis reducidos nos frontais anterior e posterior). A forma imita claramente a tapa dos cadaleitos de madeira, que vemos abundantemente representados nas miniaturas e nos gravados do s. XV.

(19) Véxase transcrito o documento en GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel. *Historia de La Coruña: Edad Media.* La Coruña, Caixa Galicia, 1987, pp. 536-539.

(20) Véxase o traballo de Fr Atanasio LÓPEZ. "María Rodríguez y otros, venden a Fr. Lope Manteiga una heredad en Betanzos.- Año 1396". En *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. II, doc. XXXVIII.

É, pois, unha transposición da madeira á pedra, cousa por outra banda normal desde a máis remota antiguedade, non só na escultura, senón tamén na arquitectura. Pero aquí non contamos coa caixa ou sarcófago e teremos que imaxinalo.

Das caras visibles, as tres superiores son as de maior superficie, e delas, a frontal conserva unha inscrición en baixorreleve que nos informa de quen era o individuo que se enterrou debaixo e a que grupo socioprofesional pertencía:

[AQI: IA]Z: A[LONSO]: IANEYRO: JURADO: D[E]: BETA[N]COS

A reconstrucción do sepulcro fíxose tomando como referencia outro moi semellante: o existente no exterior da parede Norte da igrexa de Santiago da Coruña. A caixa do sepulcro coruñés é de cantería dun só bloque e lisa por fóra. E, máis ou menos, así debía ser tamén o sepulcro de *Alonso Ianeyro*, quizais situado no claustro do desaparecido mosteiro gótico de San Francisco. A pesar da súa forma xeral de referencias antigas, probablemente date do s. XV o mesmo que o da Coruña.

VII. JOAN BONOME, NOTARIO DE BETANZOS

Atópase este sepulcro na parede Norte da igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos, nun arcosolio que, curiosamente, tapa a porta norte da igrexa. A inscrición do borde frontal da lauda di así: +AQI IAZ JO[AN] BONOME NOTARIO DE BE[TANCOS]. É tan parecido ó xurado Martiz Reimondez que forzosamente hai que definilo por referencia a el, tendo presente que non hai datos concluíntes que nos indiquen cal é anterior. En todo caso os dous son dunha mesma etapa e dun mesmo taller, siguen un modelo semellante e, polo tanto, teñen máis valor, á hora de estudialos, as diferencias.




Fig. 19.- Lauda sepulcral do notario "Joan Bonome" na igrexa de Santa María do Azougue



Fig. 20.- Aspecto parcial da lauda sepulcral do notario Joan Bonome .

Como Pedro Martiz, o xacente aparece rezando coas mans xuntas. Supoño que tería un can fidel ós pes, xa que aproximadamente 1/5ª parte do sepulcro (a inferior) falta, debido, probablemente a unha reubicación ou, quizais, a un fallo do artista, cousa que xa non se deu no caso de Martiz (quizais algo posterior), que aparece forzadamente pequeno no seu arcosolio orixinal. Tamén, como Martiz, repousa a súa cabeza sobre dous almofadóns nos que hai sendos anxos intercesores.

A *garnacha* é case idéntica, aínda que mellor definidas as mangas no caso de Bonome (21), posto que en Martiz poden confundirse cun corpo superior da prenda, que non existe na realidade. É outro detalle que fai que me pareza que o modelo foi o sepulcro de Bonome e a copia o de Martiz. O xubón é tamén case idéntico, coa única diferencia de que non deixa ver o "colar" nin aparecen á vista botóns nas mangas.

Outra diferencia, de maior significación simbólica, está na ausencia da espada.

Parece evidente que o mestre que fixo ou dirixiu a realización destes sepulcros coñecía o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago (22). Dalí semella que tomou referencias, sobre todo para a cabeza (non só a forma xeral senon tamén o propio tratamento do pelo).

A cara ten o mesmo tipo de barba e bigote que Pedro Martiz Reimóndez, se ben o feito de non ter bonete e de presentar o cabelo moi traballado, fai que Bonome transmita unha especial sensación, a medio camiño entre o realismo e o idealismo. Está claro, en todo caso, que, tanto en Martiz como en Bonome, houbo unha vontade de retratar con certa fidelidade ó finado.

Desde logo, a cabeza de Bonome é a máis perfecta das que se conservan na escultura funeraria de Betanzos. Da a impresión de que o escultor tratou a faciana deste notario, aparentemente mozo, con especial agarimo, aínda que o resto obedeza ó puro oficio e ás referencias comunmente utilizadas. A importancia dada a este persoaxe polo escultor tamén está nas dimensións, posto que ten de ancho uns 70 cm., pero de longo 236 cm. aproximadamente, logo da reconstrucción hipotética do que falta.

Naturalmente, sería bo poder distinguir (pero é difícil) ata onde chega o interés persoal do autor e ata onde a importancia do notario Bonome no Betanzos da segunda metade ou finais do s. XIV. Quizais co tempo xurdan datos que nos enchan este e outros valeiros... ♦



Fig. 21.- Edificio en proceso de rehabilitación das coñecidas como antigas Escolas de San Francisco, que é o que queda do desaparecido mosteiro franciscano de Betanzos.

(21) Os pregos destas prendas, que considero *garnachas* evolucionadas, teñen o mesmo tratamento que a tamén posible *garnacha* do suposto Nuño Freire, Mestre de Christus...

(22) Para ver as liñas da evolución escultórica que levan ó gótico galego, véxase, MORALEJO ÁLVAREZ, Serafín. *Escultura gótica en Galicia (1200-1350): resumen de la memoria presentada para la obtención del grado de Doctor.* Universidad de Santiago, 1975.

Fernán Pérez de Andrade o Boo y sus vínculos con la nobleza lucense a través de tres nuevos documentos

CARMEN MANSO PORTO*

Recientemente se han editado varios estudios histórico-artísticos que contribuyen al conocimiento del linaje de los Andrade y se centran en torno a la biografía de don Fernán Pérez de Andrade *o Boo*, uno de sus miembros más relevantes del período medieval, y de sus parientes más allegados (1). Los documentos originales que publico, me fueron muy útiles en mi Tesis Doctoral, al tratar algunas cuestiones históricas, como la identificación de personajes de la nobleza lucense que financiaron su enterramiento en los conventos mendicantes de Lugo o contribuyeron a su mantenimiento (2). Los tres se conservan en la sección de clero (carpetas de pergaminos) del Archivo Histórico Nacional y hasta mediados del siglo XIX engrosaron los fondos del Archivo Catedralicio de Lugo, formando parte de los libros de pergaminos (numerados del 1 al 11) (3). Todos ellos ofrecen un estrecho vínculo familiar entre sus otorgantes. El primero, y el más relevante, es una carta de donación de don Fernán Pérez de Andrade *o Boo* a favor de su sobrina doña Sancha (14-X-1377), que nos informa del parentesco de los Andrade con la casa de Saavedra, a través del matrimonio de su citada sobrina, hija de una de sus hermanas –quizá Sancha Núñez (4)–,

*** Carmen Manso Porto es Doctora en Historia del Arte por la Universidad Complutense de Madrid.**

(1) Véase, entre otros, M. J. Vázquez, "Aportación al estudio de la nobleza gallega en el Medievo: La Casa de Andrade", *EM*, 6, 1990, 797-820; E. Cal Pardo, *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*, La Coruña, 1984; Id., *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, 1990; Id., "De Viveiro en la Edad Media", *EM*, 7, 1991, 11-226; V. H. Zoltan, "Los Andrade: Una bibliografía histórica", *AB*, 14, 1991, 167-184 (con un cuadro genealógico y bibliografía actualizada); A. Erias Martínez, "Xente da Baixa Idade Media (III). Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Cristus", ibid., 185-222; J. García Oro, *Don Fernando de Andrade (1490-1540)*, en prensa. En un trabajo sobre el prelado lucense fray Pedro López de Aguiar (1349-1390), que próximamente editaré en *Archivo Dominicano,* daré a conocer unos datos sobre Lope Núñez de Montenegro, hermano de Fernán Pérez de Andrade *o Boo*, que, en la documentación, figura como "Lope Núñez" o "Lope Núñez de Montenegro". Véase varios documentos otorgados por ambos hermanos en Cal Pardo, *Catálogo*, 794, 783 (índice). En un pergamino de la Catedral lucense, referente a un emplazamiento entre fray Pedro López de Aguiar y Mayor Aras, hija de Aras Pérez de Castro y de Teresa Suárez, se cita como testigo a Juan de Córdoba, el escribano de Fernán Pérez de Andrade *o Boo* (AHN, clero, carp. 1332 G, n. 4).

(2) Véase C. Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo en la Galicia medieval*, Universidad Complutense, Madrid, 1991, Colección Tesis Doctorales, n. 117/91, tomos I-II; en especial, fig. 13, apéndice 2, n. 29 (pp. 185, 194), fig. 24 (pp. 208-210) y cuadro genealógico D (pp. 232-236) en t. I.

(3) Véase más información sobre estos fondos en L. Sánchez Belda, *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*, Madrid, 1953, n. 1, pp. 9-10.

(4) En el testamento de su padre Ruy Freire de Andrade figuran cuatro hijos y dos hijas, en el siguiente orden: Nuño Freire, Juan Freire, Lope Núñez, Fernán Pérez, María Peláez y Sancha Núñez (véase transcripción en A. A. Rey Escariz, *BRAG, CDH,* I, 1915, n. XIII, 66-69).



San Francisco de Lugo. Capilla absidal del Evangelio.
Sepulcro de don Pedro Fernández de Bolaño (foto C. Manso).

con don Alfonso López de Saavedra (5). Por el segundo, otorgado por la misma doña Sancha (4-III-1391) cuando su esposo ya había fallecido, conocemos a dos hijos de este matrimonio, don Pedro Fernández de Bolaño, que fue merino mayor del conde don Fadrique, y don Rodrigo Alfonso de Saavedra, ambos inhumados en la capilla absidal del Evangelio de San Francisco de Lugo (6). El tercero (3-IX-1440) nos revela la identidad de una hija del mismo matrimonio, doña María Fernández de Bolaño, y el probable parentesco de esta familia con los Ribadeneira, patronos de la capilla absidal de la Epístola de Santo Domingo de Lugo; concretamente su otorgante doña María sería tía de don Fernán Díaz de Ribadeneira *el Viejo*, cuyo enterramiento se conserva en la citada capilla (7) . Así parece confirmarlo el testamento otorgado por el referido personaje (22-III-1461) (8).

En lo que respecta al contenido de los documentos, es de destacar la referencia de don Fernán Pérez de Andrade a su antecesor en el disfrute del coto de Felmil y otros situados en la tierra de Saavedra, el difunto don Gonzalo Méndez de Saavedra, quizás emparentado con el esposo de su sobrina –padre o hermano (?)–. Más impor-

(5) Para la Casa de Saavedra véase F. de Saavedra Ribadeneira y Aguiar Pardo de Figueroa, *Memorial al Rey N. Señor de la Casa de Saavedra*, Madrid, 1679; V. de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, introducción y edición crítica con notas, Santiago de Compostela, 1986, 127-128. Algunos datos sobre Alfonso López de Saavedra en J. García Oro, *Galicia en los siglos XIV y XV*, Pontevedra, 1987, 276.

(6) Para la transcripción del epitafio de los referidos enterramientos, Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, I, 233-234. Sobre ellos me ocuparé en otro lugar.

(7) Para el análisis artístico de este sepulcro, Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, I, 1041-1049.

(8) Véase la referencia del testamento, en la que don Fernán Díaz de Ribadeneira dona a su hija Teresa los cotos de Felmil y Damil, que había comprado a su tía doña María, en J. S. Crespo Pozo, OM, *Blasones y linajes de Galicia*, Santiago, 1962, t. II, 223.



San Francisco de Lugo. Capilla absidal del Evangelio.
Sepulcro de don Rodrigo Alfonso de Saavedra (foto C. Manso).

tante es sin duda la información relativa a su disfrute, por privilegio concedido por el rey don Enrique II a don Fernán Pérez, al igual que el emplazamiento del coto de Felmil en la feligresía de Santiago del mismo nombre, cerca de su castillo de Vilaxoán. En efecto, estos dos últimos datos, hasta ahora desconocidos, contribuyen a ampliar la biografía del personaje en cuestión. No sabemos cuando le fue concedida la carta de privilegio y, hasta ahora, tampoco tenemos otras noticias sobre la mencionada fortaleza (9).

El segundo documento proporciona una detallada nómina de los bienes que la viuda de don Alfonso López de Saavedra reparte a sus hijos. En el tercero, doña María Fernández de Bolaño vende una parte de sus posesiones, los cotos de Felmil y Damil, a don Fernán Díaz de Ribadeneira, a condición de que éste abonase la pensión que su madre doña Sancha había fundado sobre los dichos cotos a favor de los conventos de San Francisco de Lugo y Santa María la Nova (10). Es interesante destacar que el contrato de venta fue realizado en Lugo, en la casa "da Lagoa" de los frailes de la Tercera Orden, ante el guardián del convento de San Francisco fray Rodrigo de Aguiar, y el doctor fray Diego Casa, que interviene en nombre de don Fernán Díaz de Ribadeneira; datos todos ellos muy valiosos para la historia de la Orden Franciscana en esa ciudad (11). En efecto, al primero de los mencionados frailes atri-

(9) Para las mercedes enriqueñas véase J. García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, Santiago de Compostela, 1981, 125-132, con otros datos importantes acerca de este personaje. En efecto, ningún autor se refiere a los referidos datos. Con respecto a la fortaleza de Vilaxoán, en M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, Lugo, 1970, 132, sólo se menciona brevemente la de Villajuane (Municipio del Páramo), fundada por don Luis de Luaces y su esposa doña Leonor Fernández de Estría en 1581, que nada tiene que ver con la de Andrade.

(10) Véase Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, I, fig. 24, 208-210.

(11) *Ibid.*, I, 125 y fig. 13, ap. 2, n. 29.



Santo Domingo de Lugo. Capilla absidal de la Epístola.
Sepulcro de don Fernán Díaz de Ribadeneira el Viejo (foto C. Manso).

buyo una inscripción labrada en el lienzo mural de la galería oriental del claustro franciscano, que fue objeto de diferentes interpretaciones desde el siglo pasado, debido a la dificultad que ofrece su lectura (12). Allí se indica que la obra había sido iniciada por fray Rodrigo de Aguiar en 1455. A este pergamino se refirió brevemente J. Villa-amil y Castro, al describir un epígrafe de doña María de Bolaño, del primer cuarto del siglo XVI, en la iglesia monasterial de Meira, que probablemente descienda del mismo linaje (13). Basándose en un memorial de la Casa de Saavedra, el citado autor supone que su otorgante doña María Fernández de Bolaño sea esposa de don Alfonso López de Saavedra –su padre, de acuerdo con nuestros documentos– e hija de don Fernán Díaz de Ribadaneira, señor de Torés, y de doña María Pimentel –el nieto de su probable tío don Fernán Díaz de Ribadeneira *el Viejo*, según nuestro cuadro genealógico, a quien otorga la carta de venta– (14).


SIGLAS

AD = Archivo Dominicano.
AHN = Archivo Histórico Nacional.
BRAG, CDH = Boletín de la Real Academia Gallega, Colección de Documentos Históricos.

(12) Véase Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, I, 335, 379; Id., "La arquitectura medieval de la Orden de Predicadores en Galicia", *AD*, XI, 1990, 5-67 (50, para esta cita).

(13) *Iglesias gallegas en la Edad Media*, Madrid, 1904, 102-103, y n. 1.

(14) *Ibid.*, 103, n. 1, con referencia a otros parentescos, en mi opinión erróneos. La cita del memorial en nota 5.



San Francisco de Lugo. Claustro. Inscripción del lienzo mural de la galería oriental, que reza así: ": ANO DE MIL CCCCLV : / ESTA OBRA COMENÇOU FREI / RODRIGO DE AGUIAR" (foto C. Manso).

APÉNDICE DOCUMENTAL

Doc. núm. 1

1377, diciembre, 14. Pontedeume.

Carta de donación de don Fernán Pérez de Andrade o Boo a favor de su sobrina doña Sancha.

A.- AHN, clero, pergaminos, carp. 1332 F, n. 24 (antiguo Libro 9, n. 55).

Ref.- Villa-amil y Castro, *Iglesias gallegas*, 103, n. 1; Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, I, fig. 24.

Era de mill et quatrosentos et quinse annos, quatorse dias de desembro. Sabeam quantos esta carta birem conmo /2 eu **Fernan Peres d' Andrade** dou et outorgo en pura doaçon, o mellor et mays conpridamente que pode et de dereito /3 deue valer ontre biuos, por jur de herdade para senpre, a uos **dona Sancha** mina sobrina, moller de /4 **Afonso Lopes de Saauedra**, o couto de Filmir, con todos los outros bees et herdamentos et figleias et coutos /5 et senorio que foron de **Gonçalo Meendes de Saauedra**, et con todo o senorio abto et bayxo, et jures, /6 posisoes delos meros et misticos, segundo que de dereyto perteesçen et deuen perteesçer do se/7norio dos ditos coutos, segundo que os **Gonçalo Meendes de Saauedra**, que fuy, tragia et husaua /8 et pesuya ao tenpo de seu finamento; et en aquela maneira et por las condiçoes et cada huna delas /9 que se conten en la carta et priuilegio, por que me a min dar et entregar meu senor el rey don /10 Enrrique, que Deus mantenna muitos tenpos et boos, os ditos bees et herdamentos et coutos et se/11norios do dito Gonçalo Meendes, et me deles feso graçia et merçed. Et o couto he su signo de /12 Santiago do dito lugar et he açerca do meu castelo de Vila Iohan; et os outros son Riba de /13 Mino et en terra et concejo de Saauedra. Et esta doaçon et dadiua uos dou et outorgo /14 conmo dito he, porque sodes mina sobrina, filla de mina yrmaa, et me seruistes et andastes /15 por

meu mandado et oie dia. Das quaes cousas me teno por ben seruido de uos, et he mina voon/16tade de uos dar por elo galardon. Et logo, por esta presente carta, uos pono et entrego no /17 iur et posison et propiedade dos ditos coutos et senorios deles para senpre conmo dito he. Et mando/18[uo]lo entrar por uosa autoridade et faser senpre, et de parte del et en el, conmo de uoso /19 propio. Et se por ventura eu ou algun por min daqui adeante husar ou pesoir os ditos coutos /20 et lugares en alguna maneira, conosco et outorgo que o huso et perseruo para uos a dita dona Sancha /21 et en uoso nome poarrio. Outrosy prometo et outorgo de non yr nen reuocar en algun tenpo /22 a dita doaçon et dadiua que vos asy dou, nen contra dela porsima nen yra que de uos aja, nen /23 por rason de yngratedue nen por outra maneira alguna. Et prometo asy guardar et teer, et non /24 yr contra elo nen contra parte delo; fago jura sobre lo signal da cruz que tango corporalmente con /25 minas maos en presença do notario et testemoyas desta carta. Et que delo seades certa, rogey et mandey a Pedro /26 Gonçales, notario publico da Pontedeme, que faça delo esta carta ou cartas, as que uos conpren sobre esta rason, /27 as mas cartas que poder.

Feyta en la Pontedeme, dia et era sobredita. Testemoyas: don Garçia Fernandes, prior de Caaueiro; /28 Ares Pardo, Pedro Eans, moordomo de Fernan Peres; Pedro Desteyro, Pedro Lopes, criado de Fernan Peres, et outros /29. Et eu, Pedro Gonçales, notario de Pontedeme polo dito Fernan Peres d'Andrade, presente fuy et confirmo et poio esta signal tal (*Signo*).

Doc. núm. 2

1391, marzo, 4.

Partija de bienes de doña Sancha, viuda de don Alfonso López de Saavedra, con sus hijos.


A.- AHN, clero, carp. 1332 G, n. 14.

Ref.- Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo,* I, fig. 24, pp. 208-210 y 232-233.

Esta he a partilla que feso **dona Sancha**, muller que foy d'**Afonso Lopes de Saauedra**, con os fillos et fillas que del ha, das herdades que anbos /2 auyan por pago de vinte annos d'oie este dia que esta carta he feita. Conuen a saber que faca aa dita dona Sancha en sua partilla /3 as herdades de Foyanta, que laura Golçaluo Gauella, et has de Saa; et o casal /4 de Cospeito et o de Sisoe, con a herdad de Villar et o casal do Canpo /5, que laura Pedro Lopes, et as herdades da Saa de Goldar. Et fica aos /6 sobreditos has herdades de Villa Seta et o casal de Bretona, /7 et as herdades de Castro de Rey, con a mea parte do moyno, et o /8 casal do canpo de Saauedra, que laura Pedro de Castro, et as herdades de /9 que dona Sancha conprou.

Et **Rodrigo Afonso** et **Pedro Fernandes**, seus fillos presentes, /10 asy outorgaron a dita partilla que han cada hun con sua, a parte das outras /11 que fiei por pasar. Feita quatro dias de março, era do nasçemento de /12 Ihesu Christo de mill et tresentos et noueenta et huun annos. Testemoyas: Aluaro Gonçales, fillo /13 de Gonçaluo Meendes; Afonso, clerigo de Filmyr; Pedro Cal, Lopo Gonçales de Granca /14 et outros. Et eu Afonso Dias, notario publico de /15 terra de Saauedra, con as testemoyas a esto foy presente et esta /16 carta escripui et fige aqui este signal (*Signo*).

Cuadro genealógico de los Saavedra-Bolaño-Ribadeneira



Doc. núm. 3

1440, septiembre, 30. Lugo.

Carta de venta de doña María Fernández de Bolaño a favor de don Fernán Díaz de Ribadeneira el Viejo.

A.- AHN, clero, carp. 1333 A, n. 10 (antiguo Libro 9, n. 55).

Ref.- Villa-amil y Castro, *Iglesias gallegas,* 103, n. 1; Manso Porto, *El arte de la Orden de Santo Domingo*, 125 y fig. 13, apend. 2, n. 29 (pp. 185, 194).

Anno do nasçemento de noso sennor Ihesu Christo de mil et quatroçentos et quareenta annos, postromeyro di[a do] /2 mes de setenbro. Enna çiudade de Lugo, enna casa da [Lagoa] dos frayres da Terçeira Orden da dita çiudade, [en pre]/3sença de min Ares Peres, clerigo et notario publico da dita çiu[dade] de Lugo, por la autoridade do sennor obispo enna Iglesia /4 de esse lugar, et dos testemoyas juso scriptos. **Maria Fernandes de Bolanno** disso que vendia et vendeu a **Fernan Dias de Ri[ba]/5deneira** et sua uos os seus coutos de Felmill et de Damill, con todo o sennorio et jurdiçon delos et [va]/6salos et casares et labradores et herdades et bees rayses et outras quaesquier cousas et bees, rendas et dere[ituras] /7 que lle a ela perteesçian et perteesçen ennos ditos coutos et cada hun delos. Et seus terminos a montes et a fontes por h[u] /8 quer que foren sub signos et fiigresias de Santiago de

Felmill et de San Saluador de Damill. Et con mays /9 a sua parte da herençia que lle a ela perteesçia et perteesçe en terra de Saauedra et de Riba de Minno, et con [ ]/ 10sas et bees et jurdiçon et sennorio dela por parte et herençia de seus padre et madre **Afonsso Lope[s] de Sa[a]**/11**uedra** et de **dona Sancha**, por ondequer et en qualquer lugar ou lugares que fossen enna dita terra de Saa[uedra et] /12 de Riba de Minno. Et que reçebera et auia reçebido do dito Fernan Dias, que era ausente, et de frey Di[ego], /13 doctor do moesteiro de San Françisco de Lugo, que presente estaua en seu nome, çinquoenta mill marauedis de branca [ ] /14, de cada duas brancas por marauedil en marauedis et en plata et peços d'ouro de que en presença de [o dito] /15 notario et testemoyas juso presentes disso que se outorgaua et outorgou por entreiga et ben paga dos ditos cinquoe[nta mill] /16 marauedis de brancas. Et que renunçiaua et renunçiou a exçepçon do auer nen contado nen visto nen avido [ ]. /17 Et toda outra exçepçon de engano et dereito que en contrario da dita paga et da dita vençon por s[ ] /18 nen podese auer diser nen alegar en juyso nen fora del en nihuna nen alguna manda. Et a ley o [ ] /19 que dis renunçiaçon en geeral non valese se esta ley expresamente non renunçia. Et con condiçon may[s] /20 que o dito Fernan Dias dese et pagase o cargo et penson que por los ditos coutos era deuido aos moesteiros /21 de San Françisco et de Santa Maria a Noua da dita çiudade de Lugo, que a dita dona Sancha auia mandado [por] /22 los ditos coutos aos ditos moesteiros et que tiraua et tirou et parteu de sy et de sua uos todo jur et posis[on] /23 et sennorio et propiedade et auçon et dereito que auia ennos ditos bees rayses et coutos et parte da dita sua herençia /24 enna dita terra de Saauedra et de Riba de Minno, et que o poyna et poso todo et traspasou enno dito Fernan [Dias] et /25 sua uos, et que obligaua et obligou sy et seus bees de lle faser esta dita vençon saa et de pas a[o] [dit]o Fernan /26 Dias por senpre a todo tenpo, et outorgou delo este instromento da dita vençon et rogou et pedeu a min o dito [notario] que o /27 signase de seu signo et o dese ao dito Fernan Dias ou ao dito frey Diego Casa, doctor en seu nome [o], /28 et firme que se en dereito podese faser sobre la dita rason. Et o dito frey Diego Casa, doctor, asy me o demandou et se /29 deu signado en nome do dito Fernan Dias por que fasia. Que foy feito et outorgado segundo dito he enna dita çiudade de Lugo /30, dia et mes et anno sobreditos. Testemoyas que foron presentes chamados et rogados para elo: Ares Afonso, bache/31ler en decretos, archidiacono de Triacastela enna Iglesia de Lugo; et frey Rodrigo d'Aguiar, gardian do moesteiro /32 de San Françisco da dita çiudade de Lugo /33.

Et eu o dito Ares Peres, clerigo et notario publico da dita çiudade de Lugo, por la autoridade do sennor /34 obispo et Iglesia dese lugar, a esto que sobredito he con as ditas testemoyas presente foy [et delo] /35 este instromento da dita vençon por rogo et outorgamento da dita Maria Fernandes de Bolano et a pedi[mento do] /36 dito frey Diego Casa, doctor, en nome do dito Fernan Dias que era ausente, et para el escripui et puge en el /37 meu nome et signo en testemoyo de verdade. Ares Peres, clerigo notario de Lugo (*Signo*). ♦

El Santuario de los Remedios de Betanzos

FRANCISCO VALES VILLAMARIN*



LAM. I. El santuario de Nuestra Señora del Camino, obra, al parecer, del gran arquitecto transmerano Juan de Herrera. Oviedo Arce, el doctísimo académico, dedicó al templo frases muy elogiosas, considerándolo como "un edificio del más puro gusto del Renacimiento". Foto Antonio Blanco.

En la vieja feligresía de San Martín de Tiobre, lindando casi con las tierras terminales del milenario castro "da Xerpe" y a muy corta distancia del núcleo principal de la ciudad brigantina, interpuesto el río Mandeo –el *Florius* pliniano, en nuestro concepto–, álzase, lleno de masyestática prestancia el un tiempo famosísimo santuario de la Virgen de los Remedios, conocido en pasadas centurias con los nombres de *Nuestra Señora de Riba Cavada y Nuestra Señora del Camino de a par de Betanzos*, denominación esta última que hubo de aplicársele por hallarse situado al borde mismo de la vía que ponía en comunicación la


***Francisco Vales Villamarín fue maestro, cronista oficial de la ciudad, poeta, etc. Él fue el creador en 1948 del *Anuario Brigantino*. Proseguimos aquí con la reedición de sus trabajos, iniciada el pasado año.**

histórica y señorial urbe betancera con el cercano puerto de El Ferrol, por una parte –ruta utilizada por los romeros compostelanos que, procedentes de diferentes localidades del Norte de Europa, desembarcaban en diversos puntos de la costa ferrolana–, y por otra, con la sede mindoniense y el principado de Asturias.

El templo actual yérguese, seguramente, en el mismo lugar donde debió de estar emplazado otro edificio religioso, dedicado asimismo a nuestra Santísima Madre, cuyas características desconocemos; pero presumimos que sería de proporciones más modestas y posiblemente de estilo románico, como la mayor pate de los que, afortunadamente, aun se conservan por aquella feracísima bisbarra, alterados casi todos ellos en sus imafrontes por la torpe manía reformista, imperante, como se sabe, a mediados del siglo XIX. Y decimos románico, porque en ese interesante período quizás hubiese sido erigida la citada iglesia al igual que otras muchas ermitas marianas construidas a lo largo del clásico camino de las peregrinaciones jacobeas: la Quinta Angustia, en Cacabelos, fundada en la duodécima centuria; el santuario de Molina Seca, en el siglo onceno; la Capilla de Nuestra Señora de Cluniaco, en Villafranca del Bierzo, levantada por monjes procedentes del monasterio de Cluny, y tantas más.

a) Que o *camelo* e a *coca* eran a mesma cousa, pois mentres que no primeiro texto figura como *camelo*, denominación local, no segundo, dáselle a xeralizada de *coca*. Isto quere dicir que en Betanzos esta figura procesional recibía o nome de *camelo* quizais polas chepas que tiña. Con nomes locais tamén se coñecían (ou aínda coñecen) as de Ribadavia (*a becha*), Jaén (*el lagarto*), Bayeux (*la bête Saint-Loup*), Metz (*la Grouille*), Poitiers (a *Grand-Goule*), etc.

b) Que a *coca* era moi barulleira, meténdose –"inquietando"– cos demáis gremios. O 20 de xuño de 1441, os de Ourense acordaron, polo mesmo motivo, *que o jogo da QOQA que andase aalende das confrarías de San Sebastián e de San Migeel, junto con a confraría dos carniçeyros, por que a dita COQA hé escandallosa* (9).

II. As primeiras testemuñas.

Non diremos nada da súa orixe porque, o mesmo que as demais irmás, sábese cal é, pero o que se descoñece é cando se empezou a celebra-la festa do Corpo de Deus en Betanzos. De seguro, que ó mesmo tempo ou poucos anos despois surxeu a coca como antagonista procesional de carácter negativo, feito común a toda a cristiandade.

A referencia documental máis antiga de que temos noticia –polo de agora– data do ano 1596, e procede das ordenanzas do gremio dos zapateiros. Por se serve de algo, para deducir hipoteticamente que a coca naceu cando se formou esta asociación artesanal, anque non tivo por que ser así, algún historiador ten dito que foi fundado en 1393 (10). O que si é certo, é que xa se consideraba *costumbre antigua*, polo que se supón que contase con moitos anos de existencia. No capítulo séptimo das devanditas ordenanzas, consta: *Yten, por quanto la dicha cofradía, según la dicha costumbre antigua y lo que nuebamente sea reformado, suele sacar en*

(8) PÉREZ COSTANTI, P.: *Obr. cit.*, pp. 111 ss.

(9) FERRO COUSELO, X.: *A vida e a fala dos devanceiros, Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Galaxia, Vigo, 1967, II, p. 145.

(10) MARTÍNEZ SANTISO, M.: *Historia de la ciudad de Betanzos*, I, Betanzos, s.a. (1892), p. 270.




Fig. 2.- A actual coca de Betanzos sae só o día de San Roque, 16 de agosto (1990).

la dicha prozesión de Corpus Cristi la ymagen del vienabenturado apóstol San Pedro en sus andas y bien compuesto, con quatro hombres y otros quatro cofrades que ban junto a ella con quatro blandones de zera, enzendidos, y mas la figura de un CAMELLO y dos justadores y un tablero de juego con dos jugadores y un rey y un alférez y un paje y caballero con sus hombres de guarda, armados, y otros personajes, hordenamos que el mayordomo y vicarios de la dicha cofradía sean obligados a hacer dorar y pintar todas las vezes que fuere nezesario la dicha ymagen y lo mesmo el dicho CAMELLO y tablero...

Moi interesante para o tema que nos ocupa é o capítulo 23, pois por el sábese que dentro da figura ía un home, que era o encargado de moverlle a cabeza e, supoñemos, de abrirlle e fecharlle a boca. Isto mesmo –aínda que o normal é que o faga un neno–, segue vixente en Redondela, que turra por unha cordela para abrirlle a boca e facerlle bate-los dentes, dando así máis impresión de ferocidade. Non debía haber moitos pretendentes para tal cometido. A mostra está en que foi nomeado un muiñeiro, admitíndoo ademais como confrade. É de supoñer que, de desexalo, primeiro sería un zapateiro. O non haber quen quixese andar coa coca foi un problema que se deu non só en Betanzos, senon tamén noutras poboacións. Como queda ollado, a de Pontevedra soíana levar veciños de Soutelo de Montes (Forcarei) ou Cerdedo, o que indica a pouca aceptación do cargo, nin pagando ben: *Yten, por quanto al presente está recibido por cofrade y admitido en dicha cofradía a Bieito Fernández, molinero, con obligación que los días de la víspera y día de Corpus Cristi de cada un año, durante su vida, aya de andar dentro de la figura del camello haciendo menear y jugar con la cabeza, y podría ser que en alguno de los dichos días esté enfermo y no pueda serbir o que quando se fallezca no aya otra persona que con la dicha obligación quiera entrar por cofrade, sin embargo que los dichos días le dan de comer a costa de la dicha cofradía y sería mucha falta, atento lo qual, ordenamos que estando enfermo*

alguno de los dichos días el sobredicho y no hallando, después de su fallecimiento, otra persona que con la dicha obligación y cargo quiera entrar por cofrade, hordenamos que en tal caso el mayordomo della, a costa de los vienes de la dicha cofradía pueda alquilar un hombre que sea ábil para lo susodicho y dalle en cada uno de los dichos días tres reales y no más cada año porque no haya falta, y esto por tener la tal persona mucho trabajo en lo susodicho (11).

III. A figura da coca

Guiándose polas pequenas descripcións que se fan en algúns documentos da época –en particular no pleito que tivo lugar no ano 1765 entre o maordomo Pedro de Prado e o ferrador López Morales, do que se trata máis adiante–, Alfredo Erias reconstruiu en debuxo a coca betanceira. Segundo deduce o devandito autor, era flexible e levábana catro mozos que ían debaixo, de xeito semellante ós dragóns chineses e xaponeses. Sobre unha das chepas sentábase Xoán Infante, personaxe lendario do que se descoñece a orixe e mesmo o significado real, que algún historiador local identificou co rei Enrique II.

Pero non sempre foi así, pois nas devanditas ordenanzas do gremio dos zapateiros, de 1596, capítulo 23, consta que había un muiñeiro encargado de ir *dentro de la figura del camello haciéndola menear y jugar con la cabeza*, polo que deducimos que o corpo fose ríxido, igual ou semellante ó actual de Monção (que lle xira a cabeza), pois a de Redondela non abre máis que a boca. O normal é que o corpo tirase á forma de grande serpe ou dragón, con áas, rabo afiado, poutas, etc.

Tamén é corrente ir sobre ela unha figura humana. Xa ollamos como aínda segue en Granada. E levárona tamén a de Toledo, e, aquí en Galicia, a da Coruña sobre a que ía un xudeu ou fariseo, do que non se sabe o nome popular, pero é de supoñer que o tivese (12).

A que sae agora non conserva nada da feitura tradicional, pois nin move a cabeza, nin vai sobre ela Xoán Infante.

IV. A loita con San Xurxo.

Na vila portuguesa de Monção aínda tódolos anos o cabaleiro San Xurxo vence ó fero dragón. O guerreiro simboliza o Ben, xa que é o representante de Deus, mentres que a coca o Mal, o demo. Foron moitos os pobos onde se executaba esta loita ritual dende antigo, pero en todos se perdeu no percorrer dos séculos. A súa orixe seguro que está nun auto sacramental medieval, que se representaba dentro das igrexas ou nos adros. Cómpre ter en conta que San Xurxo acadou sona co gallo das Cruzadas a Terra Santa pois, o mesmo que o apóstolo Santiago, as lendas piadosas refiren que o ollaron loitando nas batallas a favor dos cristiáns e contra os mahometanos, como na de Antioquía, o ano 1098. Dende que Ricardo Corazón de León lle dedicou unha igrexa, o seu culto espallouse por toda Europa. Pero a lenda da loita co dragón é un engadido posterior, quizais xa do século XIII (13).

En Redondela o combate tiña lugar no eirado que había diante do convento das monxas xustinianas, agora converti-

(11) *Gregorio Edreyra, fiscal que ha sido de la cofradía y gremio de San Pedro, contra Blas de Otero...* Arquivo Municipal de Betanzos, "gremios", fs. 53v-60r. Tamén, VALES VILLAMARÍN, F.: *Temas brigantinos. La cofradía gremial de los zapateros*, A Coruña, 1981, p. 44.

(12) *Pedro de Barueito mayordomo de la Cofradía de nuestra Señora del Portal con el Corregidor de esta Ciudad...*, Arquivo do Reino de Galicia, 17.768, núm. 33.

(13) Cf. GIBSON, H.: "Saint George for Everyone", *Aramco World Magazine*, Nov.-Dec., 1971. H. HORTON, A.: "The real St. George", *Sunday Times Magazine*, Londres, abril, 1975.



Fig. III.- O mesmo que a de Redondela, da coca betanceira xa ninguén fuxe. A mostra témola neste rapaz que mete a cabeza dentro da súa boca para ollarlle as "tripas".

do nun nó de estradas.

A de Betanzos tamén se encaraba anualmente con San Xurxo e, o mesmo que as demáis, sempre remataba vencida polo cabaleiro. Coidamos que se perdese no século XVII ou xa antes, pois o historiador Pedro de Santa María Romai, fala como algo pasado que se fixo noutros tempos. Estamos de acordo co que di ó comezo, pero non coa fábula que segue logo sobre o apelido Vara: *En esta ciudad de Betanzos aún falta notar otra cosa relativa a lo que sucedía el día de Corpus, y era: En medio de la procesión del víspera iba uno vestido de cota, y morrión a caballo, y con lanza en mano: en cierto paraje aguardaba uno, que llevaba la figura de una serpiente (llámase tarasca) y al pasar, hería con la lanza esta figura: lo que representaba a San Jorge, cuando mató la serpiente que hacía estragos en la gente: Yo considero que aunque este hecho consta de la vida del santo, que en esta ciudad tuvo su altar y dicen componía el gremio de cortadores, que hoy no hay, ni le hubo según noticia; pero lo más cierto es (a mi parecer) que inmediato a esta ciudad hay un lugar que llaman Xerpe, y más abajo de este lugar hay otro lugar bastante dilatado que llaman Caraña. Pudo suceder, y me parece más probable, que uno del apellido de Vara, que hoy conserva (según dicen) fue el que mató este animal en aquel sitio, y de aquí vino el quedar esta representación* (14).

Aínda que pertencente ó campo dos mitos, o frade pregador Pedro de Santa María non di nada fóra do que se consideraba normal na súa época, e mesmo agora a nivel popular, ó afirmar que o dragón podería ser unha serpe xigante que vivía nos arredores de Betanzos, pois da coca de Redondela cóntase que tiña a súa morada na ría de Vigo e que foi vencida por varios mariñeiros; da portuguesa de Monção, que se refuxiaba nas au-

(14) *Compendio historial de Galicia*, con anotacións de M.A. de Verín Pérez Seixas, folletón de *El Libredón*, Santiago de Compostela, 1886-7, p. 129.

gas do Miño; da *tarasque* de Tarascón, que andaba polas augas do Ródano...

V. Xoán Infante

O mencionado historiador Pedro de Santa María que, como xa se dixo, escribía no século XVII, ó falar das agrupacións artesanais betanceiras, di: *El gremio de los zapateros tenía obligación de presentar una estatua a caballo de un camello con daga, armas, etc. Esto representaba al Rey D. Enrique, que concedió el privilegio de ciudad...* (15).

Coidamos que non está no certo pois, agás cando vai a Virxe, e nestes casos é como vencedora da coca, o normal é que leve sobre as súas costas un personaxe de carácter negativo, "compañeiro" –por decirlle de algún xeito– da figura do dragón. Sobre a de Toledo ía Ana Bolena, representando a herexía anglicana. A actual de Granada leva a figura dun personaxe que se distinguiu ó longo do ano por algún feito considerado malo.

Non queremos aventurarnos a facer hipóteses sobre quén foi Xoán Infante, pero poidera tratarse de algún personaxe negativo, ou considerado como tal, aínda que non o fose. Non esquezamos que a da Coruña era unha figura que representaba a un xudeo ou fariseo, polo que tampouco podería estrañar que en Betanzos tamén fose, tendo en conta o que escribe o historiador local Martínez Santiso, que di que noutros tempos a coca *se dirigía a las casas de las personas tildadas de practicar el culto judaico, y hacía signos y actos despreciativos, que constituía para la gente de aquel tiempo una diversión muy agradable* (16).

VI. Epílogo

Moi interesante, para saber como se desenvolvía a procesión do Corpo de Deus betanceira e, ó propio tempo, o papel do "camelo" e de Xoán Infante, son as declaracións das testemuñas da querela presentada en 1765 ante a Real Audiencia de Galicia por Pedro de Prado, maordomo da confraría de San Pedro dos zapateiros, contra o ferrador López Morales, por negarse este a darlle descanso e bebida á comitiva, como viña sendo de costume. É de suliña-la descripción que se fai do "camelo", que o levaban catro mozos, e sobre o que ía a figura: *La cofradía de el apóstol San Pedro la solemnizan y componen el gremio de los maestros de obra prima que hay en esta ciudad, con su maiordomo, bicarios y cofrades, y estos tienen, se hallan y hallaron y lo estubieron sus anttezedenttes en la regalía y posesión de sacar en la prozesión de Corpus Christi la celebrada y memorable figura de Juan Ymfantte a cauallo en otra de un camello que llieuan sobre costillas quattro truanes o palanquineros alquilados y admas de ello ba una persona que haze papel de rey; llieba su paje, quattro guardias y otros que xuegan doblones en espezia de tal moneda en que se demuestra el aparato, hostenttazión, riqueza y soberbia de vn opulentto monarca, discurso mobido para tan plausible día. Todos ban en la prozesión delantte la ymagen de el patrón San Pedro y al salir por la Puerta de la Villa, que mira al Campo de San Roque de estta referida ciudad, se endereza dicha prozesión a la yglesia capilla de el santo, donde entra el Santísimo y antremientras se cantta el Tantum ergo, se segrega de dicha prozesión dicha figura de Juan Ynfantte, rey, paje, guardias y dobloneros xugadores y se enderezan todos a la casa en que habitta Félix López Morales, errador, y María Blanca, su mu-*

(15) *Idem.*

(16) *Obr. cit.*, p. 318.

ger; de llegados que son a ella, se arrima dicho Juan Ynfante y camello a la puertta de la cavalleriza; este buelbe el anca y en señal de lozanía, o por ceremonia, da tres golpes o culadas en la referida puertta y de así executtado, suben arriua todos los que le acompañan, jun-ttamentte con el obstenttoso farsantte rey, paje, guardias y jugadores hasta entrar en la sala; en ella se pone vna cama para que el finjido monarca descanse y por si tiene sede y los que le acompañan, se le pone vna salbilla con sus basos, vn xarro de estaño, vna taza para beber y vna sella con agua fría, si bien que desta nunca les bio tirar sorbo sino al bino en todas las ocasiones que ha bisto practticar esta posesión y se obserbó así concurriendo con las cosas referidas desde la acordanza de el que declara, sin que en ello oiese poner ni pusiesen enbarazo alguno el referido Félix López Morales y su muger, antes bien, lo practticaban con mucho gusto y celebridad, hasta la función de el día seis de junio de estte presente año que, o fuere por persuazión a ymflujo de hémulos o por su mero anttojo, bolunttaria resistenzia y perturbazión, habiendo llegado a la puertta de la casa de dicho Félix López dicho día seis el Juan Ymfante, rey y mas comitiba a continuar su posesión, descansar y refrescar mienttras no hazía regreso la prozesión desde dicha capilla de San Roque, bajó a la puerta de dicha casa la María Blanca, muger de el menzionado Félix con vn palo en la mano amenazando que no enttrasen en la casa, y como se la procurase persuadir a que dejase la tema y se acordase de la posesión que hauía y sabía, no fue posible contenerla, anttes bien, enzendida en más cólera y enderezándose al pobre de Juan Ymfantte, le tiró vn palo tan bien dado que el referido Juan Ymfante se quedó en Juan Tumbado; bajó a esto el Félix López y poniéndose en la puerta con vn sable desnudo en la mano amenazaua de muertte al que se attrebiese a enttrar, con lo que sin hazérseles ninguna ofensa a ninguno de los dos, marido y muger, de obra ni de palabra, se retiraron con dicho Juan Ymfante, rey, sin hauer descansado, paje y guardias, sin refrescar, porque no subieron arriua ni hubo cama, sella, basos y mas que queda referido, conque consiguieron salirse por enttonzes con la perturbazión ynttentada...

Case seguro que foi este ano de 1765 o derradeiro en que o "camelo" tentou de toma-lo tradicional refrixerio, pois a Real Audiencia dictou sentencia impoñendo perpetuo silencio no asunto (17).

A coca debeu seguir ata que en 1777, ou nos anos seguintes, desapareceu para sempre, tendo en conta a real cédula de Carlos III e, para o caso particular dos concellos que non estaban de acordo coa supresión, outras disposicións posteriores dadas a petición dos gremios.

A diferencia das demáis poboacións, Betanzos recuperou hai uns anos a coca. Aínda que a feitura non é a tradicional, ninguén nega a importancia deste feito. O caso está en que bote moitos anos, pois agora carece do seu simbolismo secular, polo que a ninguén mete medo na procesión, anque si chama a curiosidade de todos, en particular dos visitantes. ♦

(17) *La cofradía de San Pedro, inclusa en la yglesia parroquial de Santa María del Azogue, de la ciudad de Vetanzos, y Pedro de Prado, con Félix López Morales, María Blanca, su muger...*, Arquivo do Reino de Galicia, 13.645, núm. 58.

BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes documentais

Gregorio Edreyra, fiscal que ha sido de la cofradía y gremio de San Pedro, contra Blas de Otero y otros indibiduos del mismo gremio de San Pedro sobre pago de reales que adeudan a dicho gremio, Arquivo Municipal de Betanzos, "gremios".

La cofradía de San Pedro, inclusa en la yglesia parroquial de Santa María del Azogue, de la ciudad de Vetanzos, y Pedro de Prado, con Félix López Morales, María Blanca, su muger, y consortes, sobre auto ordinario sobre salir en la procesión la figura del Juan Ynfante el día de Corpus, Arquivo do Reino de Galicia, 13.645, núm. 58.

Pedro de Barueito mayordomo de la Cofradía de nuestra Señora del Portal con el Corregidor de esta Ciudad (da Coruña) *y cofrades de dha. cofradía,* Arquivo do Reino de Galicia, 17.768, núm. 33.

b) Publicacións

BERNÁLDEZ MONTALVO, J. Ma.: *Las tarascas de Madrid*, Ayuntamiento de Madrid, Delegación de Cultura, Madrid, 1983.

CARO BAROJA, J.: *El estío festivo. Fiestas populares del verano*, Taurus, Madrid, 1986.

DUMONT, L.: *La Tarasque. Essai de description d'un fait local d'un point de vue ethnographique,* París, 1951.

ESLAVA GALÁN, J.: *La leyenda del lagarto de la Malena y los mitos del dragón*, Publicaciones del Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba, Córdoba, 1980.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: "El Corpus viejo en Pontevedra", *Museo de Pontevedra,* XXIX, 1975.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A Coca*, Departamento de Cultura do concello de Redondela, Vigo, 1987.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *As penlas e a danza de espadas*, Departamento de Cultura do concello de Redondela, Vigo, 1987.

LE GOFF,J.: *Tiempo, trabajo y cultura en el Occidente medieval*, Taurus, Madrid, 1983.

MARTÍNEZ SANTISO, M. *Historia de la ciudad de Betanzos,* I, Betanzos, 1892.

PÉREZ COSTANTI, P.: *Viejas notas galicianas,* Vigo, 1926.


SANTA MARÍA ROMAI, P. de: *Compendio historial de Galicia,* anotacións de M.A. de Verín Pérez Seixas, folletón de El Libredón, Santiago de Compostela, 1886-7.

VALES VILLAMARÍN, F.: *Temas brigantinos. La cofradía gremial de los zapateros,* A Coruña, 1981.

Os muíños de auga no Concello de Betanzos

XOSÉ ISIDRO DOPORTO*

Ríos e regachos do Concello de Betanzos



INTRODUCCIÓN

Unha vez que se obtén o grao de centeo, trigo ou millo, é necesario pulverizalo para obter a fariña coa que face-lo pan. O muíño realiza esa función: triturá-lo grao ata ter unhas dimensións axeitadas para o consumo humán ou dos animais.

Temos que indicar que a asiduidade con que unha familia moía era moita, pois, ó non conservarse a fariña, a xente debía cocer o pan cada unha ou dúas semanas. O número de habitantes de Betanzos, a proximidade dunha vila de importancia como A Coruña e, sobre todo, o grande número de ríos e regachos que atravesan a bisbarra, foron os factores que fixeron que no noso Concello se poideran descubrir actualmente máis de 60 construccións –en mellor ou peor estado de conservación– catalogables coma antigos muíños de auga.

Ademais, está sen investigar a importancia da producción cerealística que nós cremos que debeu ser abondante. De tódolos xeitos, a cantidade de materia prima non é factor decisivo, segundo afirma Xosé Ramón Lema Bendaña ó referirse ós muíños de San Cristovo de Cea en Ourense (1).

*** Xosé Isidro Doporto, betanceiro, é Arquitecto Técnico pola Escola Universitaria de Arquitectos Técnicos da Coruña. Este traballo forma parte do seu proxecto de fin de carreira, dirixido polo Profesor Manuel Caamaño.**

(1) Lema Bendaña, X. R. *Los Molinos de San Cristóbal de Cea (Ourense)*. Madrid, C.S.I.C., 1990, p. 394. Transcribimos textualmente: "Llama la atención el hecho de que no produciendo apenas trigo, Cea haya destacado por la elaboración de un pan de trigo de tanto renombre. El trigo era adquirido en las ferias de Monterroso y panificado en hornos comunales de San Cristóbal, capital del municipio".

APROXIMACIÓN HISTÓRICA

O século XVIII

Para acadar unha pequena idea da importancia da molturación dos cereais na economía local ó longo do tempo, comenzamos consultando o *Catastro de Ensenada* (1750-51).

Nel constan 14 muiñeiros de maquía –ver vocabulario– con 15 pedras no referente á parroquia de San Martiño de Tiobre (2) (foinos imposible obter datos de Bravío máis supoñemos unha cantidade aproximada), sen ter en conta o número de muíños eclesiásticos que moerían soamente o producto dos dezmos e foros que recibían.

O Catastro non fai ningunha referencia ós muíños de pezas polo que temos que supoñer un número aínda maior.

Constan os muíños como que moen entre 8 meses e 1 ano, dato moi esclarecedor, pois, anos máis tarde ó redactarse os rexistros de industrias e comercio, a media atópase entre 3 e 6 meses –xustificándoo pola falla de grao e/ou de auga (3)–. É posible que esta variación radique no feito de que os muíños do censo de 1751 ocupen os mellores emprazamentos e, en consecuencia, estean menos afectados nas secas.

O imposto real para os muíños que moen todo o ano é taxado en 515 reais de vellón. Se o muíño só moe 8 meses a cantidade a satisfacer redúcese grandemente, establecéndose en 175 reais.

A pesar diso, as rendas que paga o muiñeiro ("levador") (4) por dominio directo ou foros son moi variadas, mais sempre de menor cuantía que o imposto real. Estes foros e dominios inclúen en moitos casos algunhas leiras perto do muíño.

Os propietarios son, como media, persoas que usan o "Don" ou algunha entidade relixiosa, mais só temos localizado un caso de foro por nobre, concretamente da Marquesa de Figueiroa.

Nerbargantes, dos 14 muiñeiros hai 5 que non pagan renda nin foro a ninguén, cremos que é proporción moi alta despois de estudiar as cargas que pesaban sobre a propiedade naqueles anos.

Hai que indicar, por certo, que no ano 1751 se rexistran 6 fornos industriais, máis decatémonos que ata datas recentes a maior parte da poboación rural cocía o pan no forno familiar: esas pequenas construccións en cuarto de esfera que se atopan xeralmente nos laterais das vivendas.

Propietarios de fornos no 1751 (5)

José Amillo
Francisco Vales
Fernando de Rilo
Catalina Sánchez
María Sánchez

Valor (Kg) dun ferrado de Betanzos

trigo 11,5
centeo 11
maínzo 15

Segundo nos indica un dos nosos informadores

Entrando no século XIX.

A primeira referencia que atopamos para o s. XIX data do 1813 na partilla testamentaria de Vicente García Varela e Lorenza Patiño, e di textualmente: "*La sexta parte de un molino en la ría de Caraña.... del dominio de don Felix de Matos vecino de La Coruña a*

(2) CATASTRO DE ENSENADA referente á parroquia de San Martiño de Tiobre. A.H.R.G., 2789.
(3) No verán eran poucos os muíños en funcionamento, tanto en Caraña coma no Mendo, e a xente da vila –tamén vemos casos en Caraña– tiña que trasladarse, as veces en bote, ó de Chelo ou ó situado en Teixeiro.
(4) En todo este século como nos seguintes, a muiñada é algo secundario con que elevar os ingresos obtidos da terra (no Catastro constan coma labregos e, en consecuencia son propietarios ou aforados dun número determinado de terra e posúen ou levan en parcería unha determinada cantidade de animais). Isto explicaríase en que os altos gravames a satisfacer, sumado a que moitos labregos pobres e xornaleiros moerían nas súas casas –no tipo circular antes indicado (*)–, non permitiría dedicarse enteiramente ó oficio de muiñeiro.
(*) Un dos nosos informadores indicounos que lembra unha dona moi velliña do barrio das Cascas como moía co muíño de tipo circular aproximadamente hai 40 anos.
(5)VALES VILLAMARIN, FRANCISCO. *Op. cit.*


quien se le paga anualmente 16 reales"(6). O valor de taxación deste muíño foi maior que case tódalas fincas gravadas con foros.

Temos aquí a primeira referencia documental ós muíños de propiedade colectiva, que á súa vez presentan dúas variantes: **muíños do común**, propiedade de tódolos veciños dunha aldea (nós non atopamos ningún caso na bisbarra) e **muíños de peza** ou de "herdeiros", pertencentes a un grupo máis ou menos amplio de persoas, pero non a toda a poboación.

Este último caso probablemente xurdira a partir da unión para a construcción ou o arrendamento entre varios veciños, multiplicándose progresivamente éstes a cada xeración.

Temos localizado un caso curioso que nos indica o grao de partición acadada. No 1833, na partilla testamentaria a favor de Manuela Milia, lemos: "*Le corresponde a Manuela Milia 1916 reales, 22 maravedís y por ellos la tercia parte y dos tercios de otro de la casa y muíño donde nació y murió el petrucio sita en la Ría de Caraña...*". Case trinta anos despois, tamén nunha partilla, faise unha referencia ó mesmo muíño dicindo: "*Las 3/14 partes de la casa y molino donde habita José Milia...*" (7). Sabemos que se trata da mesma casa ó analizar os datos relativos ás súas lindes, ademais de ser dominio da mesma persoa nos dous casos.

Partes do muíño



Para profundizar lixeiramente no censo de muíños do século XIX realizamos varias catas na "*Matrícula del Subsidio Industrial y de Comercio del Municipio de Betanzos*" (8).

Muíños que figuran na "matricula industrial"

Ano de	Tiobre	Bravío	Outros (*)	Total
1834	-	-	-	12
1838	27 [24]	9 [10]	2	38
1840	8	6	1	15
1842	0	6	0	6
1849	14	19	6	39
1868	-	-	-	34
1883	-	-	-	26
1884	-	-	-	25

(*) *Localizados en Santiago de Requían, Santa María de Pontellas.*


(6) "*La sexta parte de un molino en la Ría de caraña, fra citada de Tiobre mixto con Francisco Beade, Francisco de Brañas Chas, José Francisco de Brañas del dominio de don Felix de Matos, vecino de La Coruña, a quien se le paga anualmente diez y seis reales...*" 1813, Documentos propiedade da familia do autor.

(7) 1833 e 1863, Documentos propiedade da familia do autor.

Case con total certeza podemos asegurar que estamos a falar da actualmente denominada casa do Moreira, situada en Caraña de Abaixo.

(8) A análise da serie "*Matrícula del Subsidio Industrial y de Comercio*" de Betanzos (AMB) ten só un valor orientativo, posto que as grandes variacións que se aprecian en períodos de poucos anos, probablemente debido á subida dos valores dos impostos e as crises económicas, non nos permiten obter un reflexo da realidade.

Como exemplo indicar que temos coñecemento dun muíño que en todo o século XX non "declarou" un dos rodicios que posuía. Estamos na crenza que esta táctica foi norma xeral durante moito tempo co maior ou menor consentimento das autoridades municipais.



Distintos tipos de muíños

No 1839 desaparecen do censo 15 muíños, dos que 11 son da parroquia de Tiobre. Os encargados da redacción deste ano inclúen unha nota: "....*debiendo advertir que la diferencia que se nota en el número de molinos cotejado el de la presente con el del año último, consiste en que sus dueños por la despreciable utilidad que aquellos les daban y su notoria pobreza tuvieron que desacerlos según es bien público y notorio en atención que no podían soportar las considerables contribuciones que sobre ellos pesaban, las cuales de continuar se seguirá que quizá los restantes tendrán que hacer otro tanto, no habiéndolo ya ejecutado por ser personas que por separado de esta industria tienen lo suficiente para su subsistencia y pago de las contribuciones...*"


Palabras non escoitadas, pois no seguinte ano (1840) danse de alta 15 muiñeiros e, excepto 1 en Bravío -José Barreiro que ten dous muíños un moe 6 meses e outro nada por falta de grao e auga-, tódolos demais constan de "...*1 molino maquilero que muele al año 3 meses*", grande diferencia con 1751 en que case todos moían durante todo o ano.

Decatémonos que nestes anos temos unha das situacións máis críticas da historia do Concello: estamos a falar dos estragos da Peste (tanto é así que a primeira falecida residía no lugar de Caraña).


No 1849 apreciamos un leve comenzo do proceso de concentración de varios muíños nun mesmo propietario -pode tratarse unicamente da instalación de novos aparellos (molturadores) no muíño ou na concentración de muíños distintos nunha mesma man-. Neste ano comenzan a xeneralizarse apelidos e alcumes que se mantiveron ata hoxe en día -*Louriños* xa aparecen no 1838, *Mende*, *Pandelo*, *Amado*, *Concheiro*, *Baraxeiro* e mesmo os *Milia*, dos que xa temos referencia no Catastro de Ensenada xunto ós *García* (9).

Dos anos 50 en adiante descende progresivamente o número de muiñeiros pero continúa a aumentar o de molturadores por persoa. Así, Juan Alfonso xa ten 7 muíños; Andrés Peón, 2; Arias, 5; José Barreiro, 2. Agora aparece por primeira vez xente tratada de Don: Don Julian de Lemos e Andrade, 3 muíños; Doña Agustina Acea, 2 muíños; Don Benito María Páez, 2. Poucos anos despois, Juan Alfonso vai obter o mesmo tratamento coincidindo co seu establecemento na vila.

(9) Estes alcumes e apelidos mantivéronse, en moitos casos, como representativos do oficio de muiñeiro ata ben entrado o século XX.



PLANTA DO MUIÑO DE BARALLOBRE



Croquis do muíño de Barallobre

O século XX: Historia dunha decadencia.


A primeira noticia deste século dátase no 1921/22 cunha diferencia moi importante na forma de realizar a matrícula: agora xa consta a dirección completa do muíño.

Neste ano temos 16 muiñeiros (12 no Mendo e Río Pequeno, 3 en Tiobre, 1 en Miodelo) e, dato moi importante, por primeira vez constatamos a instalación en Betanzos dun "*Molino con cuatro ruedas movidas por energía eléctrica: 2 para trigo y 2 para maíz y centeno*", sito en "*Puentenuevo 2*", a nome da Sociedade "*Núñez y Compañía*".

Dous anos despois non existen case variacións e continúan así as cousas ata o ano 1931 en que baixa a 13 o nº de muiñeiros e desaparecen os muíños eléctricos da Pontenova.

Relación de propietarios de muíños segundo a "*Matrícula del Subsidio Industrial y de Comercio del municipio de Betanzos*" do ano 1924-25 (AMB)

BRAÑAS NAVEIRA, ROSA (por su hijo)	Roibeira, 14
La misma (por idem)	Martinete, 1
CACHAZA FERNANDEZ, ANDRES	Caraña Medio, 19
EDREIRA SANTIAGO, PEDRO	Miodelo, 1
LOURIÑO TAIBOS, MARIA	Acea, 4
LAGO VEIGA, ANTONIO	Caraña de Abajo, 18
LOURIÑO PANDELO, ALONSO	Requián-Roibeira
MENDEZ NAVEIRA, JOSEFA	Idem, 3
PEREZ RIVAS, PEDRO	Marulo, 2
PEREZ LAGO, ANTONIO	Barallobre, 12
RODRIGUEZ y RODRIGUEZ, JUAN	Barallobre, 12
RIO PANDELO, MARIA ANTONIA	Barallobre, 13
SANTOS LOURIÑO, FRANCISCO	Acea, 3
TEIJEIRO GONZALEZ, ANTONIO	Caraña Medio, 3
CARNEIRO, FRANCISCO	Requián-Roibeira, 8
CORTES PORTO, CASIMIRO	Caraña Arriba, 12
VAAMONDE QUINTIAN, JOSÉ.	Piñeiro, 7
NUÑEZ y COMPAÑIA	Puentenuevo, 1



Ruinas do muíño da Acea.

No ano 1935 inscríbese Ucha García, Francisco con 2 rodas para a molturación de maínzo mediante enerxía eléctrica, sito en Marina 26 (10), industria que aínda perdura no mesmo emprazamento.

Cun leve descenso respecto ós anos anteriores, chegamos ó 1937, derradeiro que figura no Arquivo Municipal de Betanzos.

Sabemos gracias ós nosos informadores que os anos seguintes foron moi duros para este oficio, pois ó triunfar o Alzamento contra a República establecéronse unhas severas normas de control dos cereais, de tal xeito que só podían moer uns poucos muíños (moi distanciados entre si) que posuían a *Licencia* correspondente. Isto orixinou moito malestar que se reflexa na grande cantidade de muíños precintados por orde gobernativa.

Mais aquí xa estamos a falar da desaparición do único ben de riqueza –xunto co viño– que sustentou a nosa bisbarra durante séculos.

O muíño de auga, como todo elemento que nace para resolver con maior facilidade un proceso mecánico, desaparece no intre en que é suplido por un artiluxio que resolve o proceso con menor esforzo e/ou gasto.

A desaparición dos muíños de Betanzos acentúase no tempo ó estar situados perto dun casco urbano que recibiu a electricidade moito antes que núcleos rurais illados que aínda nalgúns casos carecen hoxe en día da mesma.

Na fábrica Nuñez, a pouco da súa construcción, estivo a moer un novo aparello (muíño eléctrico), que se foi estendendo pola xeografía da bisbarra a grande velocidade, pois a súa rapidez, continuidade (nel non afectaban as secas) e comodidade (principalmente para os habitantes da vila) non tiñan competencia (11).

Un dos nosos informadores, Xaquín "*O Ritolo*", dounos un dato que pensamos tivo que acelerar grandemente a desaparición: o réxime do Xeneral Franco, e non sabemos se os

(10) Só temos localizados dous únicos industriais dedicados por enteiro a esta tarefa durante este século: unha é a familia Ucha que, tal como indicamos, estableceu un muíño movido por enerxía eléctrica na Riveira, e a outra é a familia dos Teixeiros da que o primeiro representante, "Paquito das Fariñas", levaba á vez tres importantes muíños ("o do Chuco" en Caraña, os de Teixeiro e o de Chelo) e foi, segundo os nosos informadores, o primeiro que estableceu en Betanzos un posto de venta, exactamente na Rúa da Cerca na casa coñecida como a do "Rouco".

Moi solicitados debían de estar os empregos no muíño de Chelo, pois implicaban obter, ademais do xornal de muiñeiro, un extra pola venda dos moitos salmóns que alí se pescaban no tempo libre.

(11) Temos que aclarar que a introducción do muíño eléctrico non foi tan doada como os factores anteriores nos fan crer, pois na mente dos betanceiros foi xermolando a crenza de que o pan era peor que cos muíños de auga, crenza que pouco a pouco foi desaparecendo segundo verbas dos nosos informadores.

anteriores, non permitía a proliferación de muíños, polo que o aumento dos muíños eléctricos realizouse mercando licencias ós de auga. Temos localizado un caso particular en Consuelo Vilar Maseda que no ano 1952 vendeu as súas licencias permitindo deste xeito a instalación de muíños eléctricos na zona de Vilouzás.

Por outra banda, hai que facer mención do muíño eléctrico doméstico, verdadeiro exterminador, xunto coa introducción da fariña industrial, dos nosos muíños de auga.

SITUACION XEOGRÁFICA DOS MUIÑOS ESTUDIADOS

O río de Caraña

Localizamos 28 antigos muíños, todos eles de maquía excepto 4 de peza. Esta concentración débese tanto á proximidade da nosa vila como á grande poboación existente na zona (Remedios, Obre, Souto e Vilouzás), como, por suposto, ó caudal que permite a súa instalación.

Nembargantes, estes muíños atópanse en concentracións moi sinxelas, sen grandes pretensións. Teñen dous rodicios de media por muíño pois o caudal do rego non permite máis capacidade nunha mesma edificación. Non demostran un poder económico forte (excepto os muíños de "Don Angel" que neste caso o lugar foi finca de veraneo dunha podente familia betanceira). Por último, indicar que foron, xunto cos do curso do Mendo, os derradeiros en estar en activo.

Relación de muiños

Para unha mellor análise dividiremos ós muíños de Betanzos en tres zonas específicas e ben diferenciadas. Deste xeito atopamos.

ZONA A: O RÍO DE CARAÑA.

Caraña de Abaixo

1) Tarabelo, 2) da Casca, 3) do Beccaría, 4) dos Milia, 5) Muíños da "Rañada".

Caraña do Medio

6) do Doural, 7) o "do Chuco", 8) Muíños de Don Angel, 9) Muíño Novo (tamén coñecido polo da Pardo Bazán ou Cavalcanti), 10) da Toñita "a Muiñeira".

Caraña de Arriba

11) Muíño do Gervasio (anteriormente coñecido polo dos Savoias), 12) O de Consuelo Vilar Maseda, 13) Muíño de Francisco Rey, 14) Muíño dos Torres (tamén "o do Bico"), 15) O de Brañas, 16) O dos Pataqueiros (ou do Limiñón), 17) O dos Asorei, 18) Do Cardelle, 19) O de Ignacio Garcia "O Cazurral".

A Xerpe

20) Muíño da Corna.

Cantalasrrás

21) da "Mullerenga"

Touriñao de Abaixo

22) o de Areosa, 23) Muíño Novo, 24) O dos Dourados, 25) do Penamoura.

ZONA B: -MUIÑOS ILLADOS.

B-1: O RÍO SALGUEIRAL

Infesta-A Sancia (Casas Novas)

26) Muíños da Fábrica.

A Angustia

27) Muíño da Espantosa, 28) Muíño de Callou.

Camiño de Castro a Pisón

29) Muíño da Serra (ou dos Marzoa), 30) O do "Zarambeque", 31) Muíño de Baixo.

B-2: O RIO MERO.

Beldoña

32) Muíño de ¿Beldoña?.

Crendes

33) Muíño do "Baraxeiro".

B-3: O RIO MANDEO.

Teixeiro

34) Muíños do Luciano o "Teixeiro".

Chelo

35) Muíños do "Teixeiro".



Vista xeral do muíño da Señora Ventura. Roibeira.

ZONA C: O RÍO MENDO E O SEU AFLUINTE O R. PEQUENO

C-1: O MENDO

Acea (Este nome de orixe árabe indícanos: Muíño fariñeiro movido pola auga mediante unha gran roda hidráulica colocada verticalmente.Nos non poidemos constatar rastros desta orixe).

36) O dos "Baraxeiros".

Roibeira

37) O de Esperanza Loureda, 38) O da Señora Ventura.

O Piñeiro

39) O de Francisco Fraga Baamonde.

Barallobre

40) dos "Concheiro".

Martinete (De orixe francés: Martelo ou mazo grande e pesado. Relacionase comunmente coa existencia de batáns de liño ou forxas).

41) O de Manuel Sánchez Louriño, 42) O de Antonia Rodeiro Roel (ou do "Baraxeiro").

Tabaques

43) O de Manuel Alvarez, 44) O da "Sabariana".

Marulo

45) O de Francisco Rey, 46) O de Narciso Varela Mende.

Mende

47) Gabriel o de "Mende", 48) Andrés do "Mende".

C-2: O RÍO PEQUENO:


49) Muíños de Navás, 50) Os do Louriño, 51) O de Concheiro(tamén chamado do Curiel), 52) Os de Leis, 53) O de Taboada, 54) O de Pandelo, 55) O de Louriño (anteriormente denominado dos Concheiro), 56) O de Amparo Maseda, 57) O de Vazquez 58) o do Fraga. Houbo, ademais, antigamente un muíño na casa denominada das "Lavandeiras".



Vista xeral do muíño de Ignacio García. Caraña de Arriba.



Vista do muíño de peza dos "Dourados". Touriñao de Abaixo.



Erguedoiro no muíño dos "Dourados". Touriñao de Abaixo.

O río Mendo e o río Pequeno

O Río Pequeno é, máis ben, un rego que actualmente non ten máis que un metro e pouco de ancho. Este rego desemboca no Río Mendo ó seu paso pola ponte de Roibeira.

Ningún dos muíños deste rego posúe cubo senón que se basean en canles de recorrido bastante longo, podendo estar varios muíños aproveitándose da mesma canle, caso dos de Louriño, Maseda, Vázquez, etc.

Son muíños cativos de non máis de dous rodicios, e, polas condicións do rego, no verán non debían ser empregados.

Apréciase como algunhas familias ("Baraxeiros", Louriño, Concheiro) tiveron nun primeiro momento muíños neste rego para máis tarde telos no Mendo. Isto explicaríase pola percura dun menor condicionamento do caudal de auga.

No río Mendo, en troques, atopamos muíños moi fortes, polo menos ata Tabaques, como son os de Loureda, Concheiro, etc., que posúen ata 5 rodicios (os máis grandes da bisbarra) e funcionaban a pleno rendemento ata hai poucos anos. Visita obrigada é á do muíño da Sra. Ventura, que, gracias ós coidados da actual propietaria, resulta ser o único en condicións de funcionar no Concello.



Aliviadoiro da presa do muíño das "Rañadas". Caraña de Abaixo.

Este río ten un caudal relativamente grande permitindo que aparezan grandes cubos e amplas presas.

A partir de Tabaques o río estreitase, a poboación disminue, as comunicacións son moito peores e, polo tanto, os muíños reducen o número de molturadores por unidade. A influencia desta zona trasládase xa ó Concello de Oza.

Muíños illados

Os muíños da Sancia xunto cos da Espantosa e Illobre atendían unha zona relativamente ben poboada: Castro, A Angustia, Infesta, Montellos, etc. O único que cremos debeu ser moi activo é o da Espantosa, conclusión que deducimos pola calidade da construcción e o amplio cubo que posúe. Os demais, aínda sen conexión no tempo, tiñan un mal que os condicionaba fatalmente: o pequeno caudal do Río Salgueiral. Parte do ano debía estar case seco, e así, xúntanse sen ningunha orde muíños de maquía con muíños de peza.

A Sancia: A zona onde están situados os dous muíños tivo un relanzamento económico hai dous séculos coa instalación dunha fábrica de curtidos nos arredores. A instalación dos muíños coincide aparentemente coa decadencia da fábrica, tal e como nos relatou un descendente dos primeiros propietarios.

Miodelo: 3 muíños, dous deles de maquía. Atópanse perto da desembocadura do Salgueiral facendo límite entre os Concellos de Betanzos e Bergondo.

Trátase de pequenas construccións nas que non vivía o muiñeiro. A calidade das construcións descende moito en relación coas demais zonas visitadas.

Temos que indicar que Miodelo atópase a certa distancia de Caraña e o Mendo, sendo o único lugar dos arredores coa cantidade de auga necesaria para a instalación de muíños, polo que alí xurdiron para atender unha demanda xenerada no Concello de Bergondo e parroquias colindantes co noso.

A Espantosa e Illobre: Polo estado das construccións e polas referencias orais atrevémonos a lanzar a hipótese de que non teñen nexo no tempo, sendo o máis antigo o de Illobre.

O muíño da Espantosa debeu estar moi concorrido, sobre todo porque era o máis próximo á Graña, Xan Rozo, Guísamo, Montellos, etc. Estes muíños illados foron os primeiros que desapareceron.

No Catastro de Ensenada á pregunta do número de panadeiras contestouse: *"El número de panaderas que consideran en esta ciudad llegará a 200 y el número de ferrados de trigo que diariamente contemplan beneficiarán para dentro y fuera de la ciudad serán 200... y en cuanto a pan de centeno y maíz, beneficiarán 40 ferrados sin que se pueda averiguar el mismo diario de cada una en particular en atención a que unas cuecen diariamente, otras de dos en dos días y otras una vez a la semana"* (*).

Estas mulleres, moitas delas solteiras e viúvas, chamábanse xenericamente *"taonas"* e amasaban o pan na propia casa para a continuación levalo a cocer a un dos fornos industriais existentes e despois vendelo na Porta da Vila, na Ponte Vella, na Coruña ou nas moitas feiras existentes na zona.Moi probablemente a grande fama que tiña e ten o noso pan proveña destas mulleres que espallaban este producto polos contornos da vila.

No diccionario Madóz de 1845 na referencia a Betanzos pódese ler: *"La elaboración de pan que muchas mujeres conducen en caballerias para el consumo de La Coruña"* (**).

Fai corenta anos xa somentes localizamos a catro mulleres que venderan na Coruña: Estrella *"A xurela"*, *"A Madureira"*, *"María a Chacha"* e *"Solita a Cañera"*, pero aínda quedaban outras vendedoras na Porta da Vila, como as *"Tallonas"* (nome derivado do alcume *"dos Tallos"*).

Actualmente este oficio centenario e feminino só perdura na memoria popular.

(*) VALES VILLAMARIN, FRANCISCO. "Documentos Brigantinos: Interrogatorio de la Ciudad de Betanzos". En: *Boletín da Real Academia Galega*,1955, p.23.

(**) A Coruña non ten regos no seu entorno e a necesidade de muíños debeu de ser imperiosa, así na ría do Burgo e no ano de 1803 construíuse un muíño de mares, é dicir, muíño movido polo refluxo e fluxo da marea.

BAS, BEGOÑA. *Op. cit.*, p.120. A autora indica que o recolle de Guillén (1957).

AS VENDEDORAS DO PAN: Oficio centenario e feminino.

O Muíño de Chelo e o de Teixeiro.

Aínda que por límites xeográficos nin Chelo nin Teixeiro pertencen ó noso Concello, por razóns de influencia socio-económica si os debemos encadrar.

Aínda que os muíños representan un dos máis fermosos exemplos da nosa arquitectura popular e polo tanto, son un dos mellores expoñentes da adaptación do home á natureza, pouca xente está mentalizada a prol da súa conservación.

As elites que gobernan o noso país xamais tomaron unha firme actitude nin na promulgación de leis que impidan a súa destrucción nin na creación dun fondo de axudas que facilite ós propietarios a súa rehabilitación.

No referente ó noso Concello dicir que existen unhas Normas Subsidiarias de Planeamento nas que se contempla a súa defensa, máis estamos faltos dunha verdadeira iniciativa política para levala a cabo.

Por outra parte a perda da nosa identidade sumada a tódolos factores que incidiron no desvencellamento de grandes cantidades de persoas dos seus lares de orixe perdendo senón todo contacto coa casa nai si a maior parte del. Isto fai que a casa nai ó máis que chegue a representar é a vivenda de descanso dominical na que o espacio ocupado polos aparellos do muíño é moi necesario coma garaxe,salón ou trasteiro.

Nos sitios en que aínda viven familias de tres xeracións nunha mesma casa o muíño desaparece igualmente pois o grupo familiar xa non ve nel aquel aparello que había que coidar peza a peza pola riqueza económica que producía. O único que toda familia se resiste a perder é o dereito do paso de auga pois, tanto unha mentalidade previsora como a súa utilidade como lavadeiro, etc, impide o seu descoido.

Non falemos dos muíños non-vivenda situados xeralmente en lugares illados e de difícil acceso, que levan anos pechados e baixo a función actual de servir de refuxio eventual a cazadores e pescadores.De vez en cando a existencia de marcas de roda de tractor indícanos a presencia dos espoliadores de moas que as levan para construír pequenas mesas con sombrilla en chales así como casas de campo.

Con tristura, así é hoxe en día.....



As comportas do muíño de Esperanza Loureda.

Trátase de muíños illados e alonxados da capital, pero as condicións do seu emprazamento permítelles non ter, nin remotamente, problemas de seca. Así, tal como xa indicamos, temos constatado familias de Caraña que en certa época do ano tiñan que ir moer a estes muíñoS. Mesmo familias da zona de Pontedeume desprazábanse en bote ata Teixeiro e Chelo para moer.

Tratábase de muíños de maquía propiedade dunha desas familias (os Teixeiro) que foron muiñeiros de pais a fillos tal coma se indica noutra parte do traballo.

A vida neles tiña que ser realmente dura, tanto polo illamento -entre un e outro só existía un pequeno aserradeiro- como polas condicións da terra propicia ás riadas e anegamentos. Contounos unha neta do propietario que cando baixaba a riada tiñan que refuxiarse no último andar da casa de Chelo para non ser levados pola corrente.

Os muíños de Beldoña e de Guiliade

O Río Mero discorre polo límite do Concello ata estancarse na presa de Cecebre. Trátase dun río xa abondo ancho que permite o bo funcionamento dos muíños. Aquí atopamos dous muíños –na beira enfrontada ó noso Concello–: un sitúase en Beldoña, é pequeno de non máis de dous rodicios, e outro, cunha grande construcción con vivenda, sitúase en Crendes e xa moía hai cinco xeracións. A súa influencia céntrase nos arredores como Macenda, Caserío O Santar, Lángara, etc. Reseñar por último que temos informes da existencia de muíños que actualmente se atopan anegados polas augas do encoro de Cecebre.

NOTAS PARA UN VOCABULARIO DO MUIÑO NO NOSO CONCELLO

O noso idioma, como órgano de comunicación dunha sociedade que durante séculos xirou ó redor da terra, é moi rico na designación de todo elemento relacionado coas laborías do agro. O muíño como elemento cotián na vida das sociedades agrarias posúe un vocabulario tremendamente diversificado para evitar a máis mínima designación errónea do máis cativo e insignificante elemento (12). Máis can-

(12) Realmente, sendo como é un aparello de traballo, non permite a existencia de elementos insignificantes ou non útiles.Toda peza, por moi pequena que sexa ten a súa función totalmente imprescindible.A única concesión estética apreciase no talle do tangallo.

do comenzamos a visitar ós antigos muiñeiros da bisbarra, decatámonos da grande influencia de vocablos casteláns ou "castrapados" que en moitos casos sustituiron á forma orixinal.

Ademais apréciase unha grande diferencia de termos referidos ó mesmo elemento entre bisbarras non moi distantes.

Nós, para realizar este primeiro contacto co vocabulario empregado no Concello escollemos dous muiñeiros, un da zona de Touriñao de Abaixo (onde o muíño é de peza) e outro da parroquia de Bravío, exactamente do Piñeiro. Decatémonos que ó tratarse de diferentes tipos de muíños (un é de cubo e outro de canle, ademais de ser o de Touriñao un modelo máis antigo), apréciase a existencia de elementos nun que outro non posúe e viceversa.

Abreviaturas

(T): Touriñao
(B): Bravio
Don Secundino José Fernández Alonso presentou a súa renuncia ó cargo de Concelleiro, que ostentaba polo grupo municipal socialista. Como mostra de gratitude pola laboura realizada mentres estivo ó frente do seu cargo, foille imposta (o 28 dese mes) polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, a insignia de ouro da cidade. A vacante producida no goberno municipal foi ocupada por Don Justo Vázquez Miguez. →



28 de febreiro de 1992

O Presidente do Brigantium Don Francisco Casal, dimitiu do seu cargo na Asamblea de Socios.





6 de marzo de 1992

Tivo lugar unha visita institucional do Presidente da Deputación Provincial, Don Salvador Fernández Moreda, quen visitou co Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e outras autoridades, diversas obras de colaboración entre as dúas institucións.

8 de marzo de 1992

Nun acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e ó que asistiron o Conselleiro de Sanidade Don José Manuel Romay Beccaría e o Delegado Provincial deste Departamento, Don Juan Antonio Maceiras Barros, e outras personalidades, inauguráronse as novas dependencias da Cruz Vermella na Praza de Alfonso IX.

12 de marzo de 1992

Con asistencia do Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Moisés Rey, do Tenente de Alcalde e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez, do Deputado do Parlamento Autonómico e portavoz do Partido Popular Don Jaime Pita Varela, así como o responsable da área de Cultura da Deputación Don Manuel Regueiro e outras personalidades, foi inaugurada a exposición "O fin de Fisterra. Viaxe á Costa da Morte", fotografías orixinais de Xurxo Lobato e



César Antonio Molina. Inaugurouse así mesmo unha exposición de esmaltes de Dª Asunción Pérez Yáñez, Dª Angeles Arijón do Porto, Dª Maite Pereira e Dª Carmen Puig Otero.

19 de marzo de 1992

Disputouse un partido amistoso entre o Deportivo da Coruña e o Brigantium, co fin de recaudar fondos para o equipo brigantino. Acudiu numeroso público deixando en taquilla máis de un millón de pts. O resultado foi de 1-8 a favor dos coruñeses.



20 de marzo de 1992

Presentouse na Sala Capitular do Concello o libro "Espacio y vida en la ciudad gallega: Un enfoque antropológico", de varios autores, e dirixido por Don José A. Fernández de Rota y Monter, Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña. O libro foi editado polo Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña, coa colaboración da Consellería de Cultura e do Concello de Betanzos. Fixo a presentación do libro Don Carmelo Lisón Tolosana, membro da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas e Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid.



31 de marzo de 1992

Tivo lugar no Concello unha recepción oficial ós membros de Protección Civil de Betanzos. Presidiu o acto o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez a quen acompañaban diversos concelleiros.

1 de abril de 1992

Nestes días estivo exposta ó público na Escola-Taller de Betanzos unha mostra de pinturas da brigantina Dª Marina Pardo Manso.

2 de abril de 1992

A poboación de Betanzos secundou a xornada de folga xeral convocada para este día. As industrias e establecementos mantivéronse pechados ó longo da xornada.

3 de abril de 1992

A Escola-Taller de Betanzos e o Colexio Público "Vales Villamarín" celebraron o "Día da Árbore" coa programación de diversas actividades como charlas-coloquio sobre a problemática medioambiental, plantación de árbores e repoboación de fauna nas ribeiras do Mandeo.



3 o 5 de abril de 1992

Disputouse estes días no Pabellón Municipal o IX Campeonato de España Junior de Badminton, coa participación dos mellores xogadores nacionais da categoría. O evento estivo organizado pola Federación Española de Bádminton, en colaboración coa Federación Galega, o CB Betanzos e o Concello de Betanzos. Na fotografía, acto de recepción ós participantes na Casa Consistorial.

8 de abril de 1992

Faleceu en Bos Aires Don Ramón González García, Vicepresidente da Fundación "García Hermanos" e neto de Don Juan García Naveira, filántropo e benefactor da cidade de Betanzos. Por tal motivo foi oficiada unha misa na capela da Residencia "García Hermanos" á que asistiron algúns familiares do falecido, o Alcalde Don Manuel Lagares Pérez, así como diversos membros da Corporación Municipal.



9 de abril de 1992

O Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, clausurou o curso de actualización para profesores de ciencias sociais celebrado nestes días pasados no Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de Betanzos. Asistiron a este acto o Vicerrector da Universidade da Coruña Don José Soraluce Blond; o Director do seminario e Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña, Don José A. Fernández de Rota, e diversos profesores de centros estudiantís da comarca.

10 de abril de 1992

O Catedrático de Lingua e Literatura Española, Don José Antonio Miguez, pronunciou na igrexa de Santo Domingo o pregón de Semana Santa. Para remate do acto ofreceuse un concerto de música sacra por parte da Coral Polifónica, dirixida por Don Manuel López Castro e co acompañamento do organista Don José Luis Téllez.



13 de abril de 1992

Tomou posesión o novo concelleiro, Don Manuel Justo Vázquez Miguez.



24 de abril de 1992

Nas salas do Edificio Arquivo foi inaugurada polo Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, unha exposición pictórica de "Manos Unidas". Ó acto asistiu o responsable da área de Cultura da Deputación, Don Manuel Regueiro, así como membros da organización benéfica e representantes do mundo da cultura. A organización da exposición contou coa colaboración económica da Deputación e dos 46 artistas que donaron desinteresadamente os seus cadros.

24 de abril de 1992

Tomou posesión o xefe da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos, Don Amador Cortés Rosende.



5 de maio de 1992

Faleceu en Betanzos Don José Bellón Botana, quen como funcionario municipal exerceu diversas labouras, entre elas a de coordenador do Matadeiro Público Municipal, sito no barrio da Ribeira. Era persoa moi eficaz e querida por tódolos que o coñecemos. Interesábanlle ademais os asuntos culturais e neste senso ten colaborado con noticias importantes na redacción do Anuario Brigantino. Hai que recordar que acompañou con moita frecuencia a Don Francisco Vales Villamarín nos seus percorridos pola comarca, cousa da que se sentía particularmente orgulloso. Desde o Anuario Brigantino, adicámoslle esta lembranza con agarimo.→

8,9 e 10 de maio de 1992

Celebrouse nestes días a VII Festa do Viño de Betanzos na que se comercializaron máis de 10.000 litros de viño. A festa deu comenzo coa lectura do Pregón, que este ano correu a cargo do Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña Don José A. Fernández de Rota y Monter na Aula Municipal de Cultura.

A festa contou, ademais das verbenas de rigor, coas actuacións do grupo de gaitas "Pasiño a Pasiño" e da Banda de Música Municipal. Como colofón tivo lugar a cata dos viños presentados a concurso, onde obtivo o primeiro premio o colleiteiro, Don Andrés Gómez Cachaza. A organización da festa correu a cargo da Asociación de Colleiteiros de Viño de Betanzos.

Pregón da Festa do Viño de Betanzos

Creo que para empezar este pregón sobre nuestro vino de Betanzos, podemos utilizar una idea tomada de uno de nuestros viejos maestros de la cultura europea. Eurípides nos dirá: "Allí donde hay vino, allí hay amor".

Ciertamente el vino de Betanzos, nuestro personaje activo de esta fiesta, es algo emblemático para esta ciudad. Difícilmente podemos pensar en Betanzos sin pensar en sus antiguas iglesias, sin pensar en *as festas de San Roque*, sin pensar en *O Campo da feira e de todolos días*, sin pensar en *A Ponte Vella*, sin pensar en los Hermanos Naveira y sus obras como reliquias. Difícilmente podemos pensar en Betanzos sin pensar a la vez en el vino de Betanzos. Es algo esencial en nuestra imagen de la ciudad.

Y es precisamente este carácter suyo emblemático lo que hace al vino de Betanzos bueno con unas cualidades que pocos suelen reunir. Es nuestro vino de Betanzos un vino con sitio. Estamos acostumbrados y cada vez más a exigir en una botella la denominación de origen. Queremos tener constancia de la auténtica comarca en que ha sido confeccionado un vino. La verdad es como todo, que ese vino de esa comarca puede ser bebido en otro sitio. Los vinos más altamente comercializados pueden beberse en cualquier sitio del mundo. Nuestro vino de Betanzos no tiene sólo denominación de origen, sino que tiene, y esto es bien importante, sitio propio donde ser bebido: hay que beberlo en Betanzos.

Por eso nuestro vino de Betanzos, anunciado domesticamente con su ramo de loureiro, nos evoca necesariamente un muy concreto contexto. El contexto de esa pequeña bodega familiar que la casa abría, pensando eminentemente en sus vecinos. Cuando una casa de una calle determinada ponía su ramo de loureiro, los vecinos de la misma calle esperaban su turno y no abría el siguiente su bodega hasta que hubiese acabado el primero. Caballerosa y noble competencia. Cada uno se apresuraba a probar el vino de los otros. No era una pugna comercial, era tan sólo la honrilla, el orgullo de escuchar a sus vecinos alabar su habilidad de artesano y elogiar que como aquel año nunca había salido tan bueno.

En la bodeguilla, cada familia llevaba su merienda, se intercambiaba queixo, empanada o tortilla con la mesa de al lado y se disfrutaba de un lugar de apacible encuentro vecinal. Ambiente hogareño que hace bueno, noble y honestamente bueno, a un vino.

"Allí donde hay vino, allí hay amor" nos decía Eurípides. Si evocamos la más entrañable tradición de nuestro vino pensaremos que allí donde hay vino hay amor y palabra y amistad. No en vano nuestros maestros griegos supieron también acuñar una palabra para el encuentro humano hoy empleada en ambientes intelectuales; *simposium* significa beber juntamente. Si los romanos utilizaban la palabra *convivium* -convivir-, los griegos nos harán coger imaginativamente la taza del buen vino que estimula la convivencia y nos hablarán del con-beber.

Que diferente es el aroma de esta noble taza, que lejos nos sitúa de la mala o ambigua fama tradicional del vino. En nuestra cultura europea el pan y el vino juegan el papel de un binomio cargado de añoranzas simbólicas: son los significantes sagrados del banquete eucarístico. Pero el pan es siempre bueno, el pan tiene que ser siempre limpio y todo lo que se relacione con él. En los viejos molinos de Betanzos se prohibía a sus dueños el tener cerdos y en los puestos de venta debía reservarse un área especial, alejada de cualquier producto sucio.

El vino como el amor a pesar de ser sublimados religiosamente, siguen teniendo una fama ambigua. El vino y el amor son peligrosos. Aunque puedan ser santos, difícilmente se cree que lo sean. El pan es la necesidad, la seriedad, la limpieza, la honradez. El vino y el amor esconden la emoción y la fuerza de la pasión. Pueden ir por encima de lo que un hombre habitualmente es capaz de ir. Sin embargo la pasión y la emoción suelen ser más necesarias para vivir que el necesario pan. Nos podemos permitir muchas cosas, pero no nos debemos permitir el vivir sin una noble pasión.

Me reconozco como poco competente catador del sabor del vino. Sí intento por vocación y

profesión ser un digno catador de vida humana y creo que ese es el dulce poso que queda después de apurar la taza del vino de Betanzos. Ese es el aroma con rescoldo hogareño que aporta a nuestra iniciada tertulia.

Forma parte jocosa de un estereotipo rutinario, la consabida anécdota del político que después de preguntar en un mitín a los betanceiros por sus deseos, escucha como respuesta "que suba o pan e baixe o viño". Dejemos a un lado murmuraciones infundadas. Si el vino de Betanzos es palabra y amistad, es símbolo de noble pasión, es amor, si el vino de Betanzos es paradigma de la muy noble, siempre leal y real ciudad de Betanzos, betanceiros, que suba o viño de Betanzos.

José Antonio Fernández de Rota y Monter



7 da maio de 1992

No Concello tivo lugar unha reunión da Xunta de Seguridade Local, presidida polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.

12 de maio de 1992

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, coincidindo coa opinión do Goberno Municipal, ordenou o cese de actividades no Matadeiro Municipal de Betanzos, por considerar que as instalacións non cumplen as disposicións de saúde marcadas pola Comunidade Económica Europea.



14 de maio de 1992

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración da "II Mostra Bibliográfica de Betanzos", organizada pola Biblioteca e Arquivo Municipais, presentándose ó mesmo tempo un "Catálogo do Fondo Bibliográfico Betanzos", elaborado por Mª del Pilar Vázquez Ares coa coordenación de Alfredo Erias. O mesmo día e no mesmo edificio presentouse a XI Mostra de Pintura, Debuxo e Talla da Agrupación "Inzar". Con estes actos deu comenzo o programa de actividades elaborado pola



Delegación de Cultura e Deportes do Concello de Betanzos con motivo do Día das Letras Galegas, que este ano se adica a Don Fermín Bouza Brey.



18 e 22 de maio de 1992

Dentro dos actos programados con ocasión do "Premio de Poesía e Relato Curto" convocado polo Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar", e patrocinado polo Concello de Betanzos, Deputación e Dirección Xeral de Política Lingüística, tiveron lugar dúas conferencias que correron a cargo de Don Xosé Ramón Gayoso e Don Alonso Montero. Os premios recaeron en Don Agustín Hermida Castro, primeiro premio de poesía, e en Don Miguel Roma Ruibal, de relato curto.



21 de maio de 1992

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro de Don Xulio Cuns Lousa "O que non quedou no protocolo", editado polo Concello de Betanzos. A presentación correu a cargo do escritor Manuel María, actuando ó remate a Coral Polifónica de Betanzos.



22 de abril de 1992

Dentro da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios, o Alcalde, Don Manuel Lagares, impúxolle a insignia de Betanzos ó músico recén xubilado Don Manuel Sanmartín Naveira.

24 de maio de 1992

Celebrouse a "XI Vuelta Ciclista a la Comarca Brigantina", proba reservada a ciclistas aficionados, e na que participaron equipos de Galicia e doutras comunidades españolas.

24 de maio de 1992

Cunha derrota ante o Gondomar, o Brigantium cerrou unha mala temporada, na que o equipo descendeu a Rexional Preferente.

4 de xuño de 1992

A gastronomía de Betanzos logrou un novo éxito ó ser elixida a nosa cidade como un dos pobos de España con máis sabor. A enquisa foi realizada entre multitud de persoas tanto nacionais como estranxeiras, pola revista "Viajes y Vacaciones".

6 e 7 de xuño de 1992

Celebrouse no Polideportivo Municipal a fase final da Copa da Raiña de Fútbol-Sala entre os equipos San Francisco Cenavi de Santander, Sampedrotarra de San Sebastián, Meirás de Ferrol e Seur Emitur da Coruña. Proclamouse campeón o Seur Emitur ó vencer na final ó equipo do Meirás.

12 de xuño de 1992

Organizado por Radio-Coruña, Cadena Ser, e co patrocinio da Deputación Provincial e Concello de Betanzos tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un concerto de Amancio Prada.

14 de xuño de 1992

Foi elixido como Presidente do Brigantium C. F., Don Andrés Marqués Velo, na Asamblea Xeral de Socios celebrada neste día.





14 de xuño de 1992

Caixa Galicia concedeu cerca de 24 millóns de pts. para a construcción dunha ponte sobre o río Mandeo (sinatura de D. Manuel Lagares e D. José Luis Méndez o 22 de decembro).

14 de xuño de 1992

Baixo a organización do Servicio Municipal de Deportes do Concello, tivo lugar na Praza do Campo a "Festa do Deporte Municipal". A xornada contou coa participación da Escola de Danza, Escola de Deportes de Combate, Escola de Educación Física de Base, Ballet "Druida" e o equipo do INEF de Galicia.

19 de xuño de 1992

Na Casa Consistorial tivo lugar unha recepción ó Club "Rotary" da cidade co seu Presidente ó frente, Don José Luis Lagares Pérez.. Presidiu o acto o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.







2 de xullo de 1992

Tivo lugar nas dependencias do Museo das Mariñas a inauguración dunha exposición de debuxos e pinturas de Dª Natalia Jiménez de Cossío. O acto estivo presidido polo Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, a quen acompañaban outros concelleiros, o director do Museo, Don Alfredo Erias e numeroso público. Fixo a presentación a Doctora en Farmacia Dona María Luisa Couceiro Seoane. No decorrer da mostra, ésta foi visitada o 10 de xullo polo Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, a quen acompañaban o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Conselleiro de Sanidade, Don José Manuel Romay Beccaría e outras personalidades.

26-28 de xuño de 1992

Tiveron lugar nestes días diversos actos de irmanamento de Betanzos coa localidade francesa de Pont L'Abbé. Con este motivo desplazouse unha Comisión do Concello de Betanzos composta polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e os delegados de Cultura e Emigración, Don Francisco Díaz Pereira e Don Andrés Beade Dopico.

3 de xullo de 1992

En asamblea xeral de socios, decidiuse, entre outras cousas, o cambio de nome do club de fútbol da localidade, que de ser Brigantium C. F pasa a denominarse Betanzos CF.



Xullo de 1992

No Edificio Arquivo foi inaugurada a mostra "Euroamericana de grabado", en acto que presidiu o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, contando coa presencia de Don Manuel Regueiro, Deputado Provincial, Don Francisco Díaz, Concelleiro de Cultura, e outras personalidades.

6 de xullo de 1992

Desde esta data e ata o 4 de agosto celebrouse a terceira edición da Bienal de Pintura Internacional "Balconadas".

6 de xullo de 1992

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración do curso "Gráfica 92" no que se impartiron ensinanzas de gravado en distintos materiais. O curso está encadrado dentro da programación académica da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, resultado dun acordo asinado entre o Rector desta universidade e o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez. O curso foi dirixido polo artista brigantino, Don Xesús Núñez.



14 de xullo de 1992

Deu comenzo neste día un novo ciclo de "Cine na Rúa", que levou a proxección de películas a distintas prazas da poboación. A organización correu a cargo da Delegación de Cultura do Concello de Betanzos.

15 de xullo de 1992

O Concello de Betanzos adquiriu un solar-vivenda na zona de Infesta coa intención de rehabilitalo e destinalo a Centro Social.

17 de xullo de 1992

Dentro da programación de verán que se desenrolou na cidade de Betanzos, e realizada pola Delegación de Cultura, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actuación do Ballet Georges Ballanchine.

21 de xullo de 1992

Foi adxudicado á empresa Aquagest o servicio de alcantarillado e depuradora de augas residuais por un período de dous anos.



25 de xullo de 1992

Unha representación municipal, encabezada polo Tenente de Alcalde, Don Antonio Lagares Pérez, depositou o tradicional ramo de flores ó pé do cruceiro da Cruz Verde, en memoria dos que deron a súa vida por Galicia.

29 de xullo de 1992

Betanzos foi escenario do III Festival Folflórico Internacional de Música e Danza (Festiga). Neste festival estiveron representados os folklores de México, co grupo Nayapán; Italia, con Antica Fabaria; Andalucía, co grupo de danza Adolfo de Castro de Unicaja Cádiz, e Galicia, con Lembranzas galegas (Vigo), Brisas da Terra (Santiago), Terra Meiga (Ferrol), Andarela (Vigo), Cantigas e Froles (Lugo) e Lembranza Solpor (Celanova).

31 de xullo de 1992

O deportista betanceiro e actual plusmarquista nacional de lanzamento de disco, David Martínez, foi excluido polo COI da participación dos xogos olímpicos de Barcelona, por presentar no organismo altos niveis de testosterona.

5 de agosto de 1992

Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha mostra de traballos realizados polos alumnos da Escola Taller de Betanzos. Chamaron a atención sobremaneira os xoguetes que posteriormente foron destinados a Escola Municipal "Cocofantes", que fixeron as ledicias dos máis pequenos nos días de agosto en que permaneceu aberta a exposición.



7 de agosto de 1992

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1991, nº 14. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e estiveron presentes ademais o Delegado da área de Cultura da Deputación Provincial, Don Manuel Regueiro; un representante de Caixa Galicia; o Concelleiro de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira; o Director da publicación, Don Alfredo Erias Martínez; diversos membros da Corporación Municipal e gran cantidade de público. A presentación correu a cargo do Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e Director do Instituto de Lingua Galega, Don Antón Santamarina Fernández.



10 de agosto de 1992

Na Casa Consistorial tivo lugar a presentación do programa de festas patronais "San Roque 92" polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e o Delegado Municipal de Festexos e Emigración, Don Andrés Beade.







13 de agosto de 1992

O Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, inaugurou este día o Auditorio do Pasatempo. O acto contou ademais coa presencia do Conselleiro de Sanidade, Don José Manuel Romay Beccaría; Conselleiro de Cultura, Don Manuel Barata; Secredario Xeral do PS de G-PSOE, Don Antolín Sánchez Presedo; Alcalde de Betanzos; Don Manuel Lagares Pérez; membros da Corporación Municipal e demais personalidades.

Logo dos actos protocolarios representouse por parte do Centro Dramático Galego a obra "Un soño de verán", poñendo así o epílogo en Betanzos a unha serie de representacións en distintos lugares de Galicia.

14 de agosto de 1992

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, coroou á Raíña das Festas, a fermosa e simpática betanceira Yolanda Basteiro





Sánchez. A continuación, o Catedrático de Ciencias Políticas da Universidade Complutense de Madrid e Presidente da Fundación Europa, Don Enrique Curiel Alonso, pronunciou o Pregón das Festas desde o balcón do Concello. Despois, na Sala Capitular, tivo lugar unha recepción á Raíña, damas de honra e acompañantes, así como ás autoridades presentes. O Alcalde entregou un recordo á Raíña e ós membros da Corte de Honra, a Don Enrique Curiel e, así mesmo, entregou os "garelos 92": en Cultura á Agrupación Musical "Carlos Seifo" na persoa do seu Presidente, D. Juan Suárez Barros; en deporte ó campeón galego de ciclismo de veteranos, D. José Rey Fernández, e en industria á empresa Gayolo-Ford, representada por Don Luis Vázquez Baamonde.



D. Juan Suárez Barros



D. José Rey Fernández



D. Luis Vázquez Baamonde

Pregón das Festas

Ilustrísimo Sr. Alcalde, Excma. Corporación Municipal de Betanzos, Estimada Reina de las Fiestas y damas de honor, betanceiros y amigos.

Deseo comenzar expresando mi agradecimiento al Alcalde y a todos los vecinos de Betanzos, por la oportunidad que me brindan de poder pronunciar este pregón de la Fiestas de Betanzos en honor de San Roque que año tras año resumen la historia, la tradición y la alegría

de una de las fiestas con más arraigo de Galicia.

Al comenzar estas fiestas de 1992, deseo invocar a nuestro Patrón para que podamos expresar unidos lo mejor de nosotros mismos.

Deseamos expresar en estas fiestas nuestra voluntad de entendimiento y podemos recordar a Eduardo Blanco Amor cuando escribió: "Betanzos, entre sus siglos, sus horizontes, sus ríos y su contigua mar, nos pone entre los dedos la primera y nunca acabada pulsación del espíritu secular de nuestra raza de labranza y navegaciones, que no hizo diferencias entre los surcos oceánicos y los del arado en sus modos de transitar la historia".

Expresamos también nuestra voluntad de reencuentro con amigos, familiares y gallegos que en uno u otro momento, tuvimos que abandonar nuestra tierra para trabajar, estudiar y vivir.

Desde esta voluntad de reencuentro y solidaridad, reivindicamos a Betanzos como un punto de encuentro para todos aquellos que quieran recorrer el próximo año el Camino de Santiago. Como un betanceiro más, no puedo olvidar que esta tierra sirvió de hospital y de santuario a muchos miles de peregrinos que caminaban hacia Compostela. Llegaban de Ribadeo, venían por Mondoñedo hasta Villalba, muchos escogían la ruta que por Crucero de Loba seguía hacia Irijoa pasando por el monte de San Antón, Lapido, Santiago de Adragonte, Paderne, Obre, llegando a Betanzos por Nuestra Señora de los Remedios, hacia el santuario en el que también confluía la ruta de El Ferrol, pasando por Fene, Cabañas, Puentedeume, Ponte do Porco, Souto y Tiobre. No podemos olvidar que Fernán Pérez de Andrade fundó el Hospital de San Bartolomé en el siglo XIV, situado en la Rúa Traviesa. Los peregrinos que llegaban a Betanzos dejaron constancia de su gratitud al decir que la actividad de estos hospitales "era muy principal y provechosa para dicha ciudad, por la caridad que en ellos se hacía de uso y costumbre, recogiendo a todos los pobres y peregrinos que a ella venían".

Desde la que fue capital de una de las siete provincias de Galicia, apelamos a todos para que la alegría presida nuestro estado de ánimo en los próximos días. Convocamos a todos los gallegos y a todos los amigos para que estén con nosotros en *Os Caneiros,* definidos por Sofía Casanova como "poesía inefable de mi



tierra divinamente pagana y cristianamente bella".

Os Caneiros se han convertido en una convocatoria para exaltar la voluntad de vivir del hombre. El color, el amor, la luz, la música, el vino, la buena comida y la amistad constituyen la mejor expresión y la mejor tradición de Betanzos y de Galicia. A través de *Os Caneiros* manifestamos la vocación lúdica y alegre del gallego, extrovertida y confiada, solidaria y tumultuosa, tan lejana a esa especie de "leyenda negra" que pretende presentar al gallego como un ser reservado y triste.

Reivindicamos desde Betanzos nuestra confianza en el futuro de todos nosotros. Queremos vivir, trabajar, amar y ser amados en paz y en libertad. Invocamos la protección del Patrón San Roque para que todos los que hoy nos reunimos, volvamos a encontrarnos en las fiestas de 1993. Que la magia del Globo de Betanzos nos arrastre a todos en los próximos días. El domingo por la noche colgaremos unidos "el globo de papel más grande del mundo".

Algo de ético y de mágico se funde en esa noche betanceira. Ese globo que se eleva entre la algarabía general durante la medianoche, tiene como misión sagrada estrellarse en el cielo, como expresión de nuestra vocación de sobrevivir. Miremos todos hacia las estrellas en ese momento, acompañemos al globo de Betanzos hasta que se pierda en la noche, como acompañamos a nuestros vecinos y amigos durante las fiestas.

En este instante reiteramos nuestro recuerdo para los inventores del Globo soltado por vez primera el 29 de mayo de 1814, y actualizado por Claudino Pita, ilustre hijo de Betanzos, artesano genial que creó de hecho este famoso aerostato. Claudino Pita no podía sospechar que 120 años después el globo se hubiera convertido en el simbolo de Betanzos. Muchos de nosotros fundimos los recuerdos de nuestra infancia con la memoria del globo.

Con la autorización de la Corporación Municipal proclamo como Pregonero que durante las fiestas queda prohibida la tristeza, la soledad, la morriña, el desamor, el desánimo o el pesimismo.

Queda abolida cualquier forma de pecado, de penitencia y de pena, así como cualquier figura similar o análoga.

Por el contrario, resultará de obligado cumplimiento toda convocatoria a la alegría, a la fiesta, a la solidaridad, al reencuentro, al baile, a la amistad, a la comida y a la bebida.

Por ello, y desde la autoridad que me confiere por este año el Ayuntamiento de Betanzos, deseo terminar con esta invitación expresada na nosa lingua, no noso galego,

Vinde todos a Betanzos,
Irmás de tódalas terras,
Vinde todos a Betanzos,
A gozar das suas festas.

Betanceiros de galanura,
Estar xuntos e na rúa
Trovando as novas trovas.
Alegría na alma,
No corazón a tenrura.
Zoa o vento polas rías.
Os ollos brilan ca lúa.
Soa a gaita con dozura.

Vinde todos a Betanzos,
Irmáns de outras culturas.
Vinde todos a Betanzos,
A facer outras feituras.

VIVA BETANZOS, VIVA.

Enrique Curiel Alonso.



15 de agosto de 1992

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Adriana Rey Carro. Recibiu a coroa de mans do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.



Función do Voto (16 de agosto)
Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Señor San Roque:

Un ano máis, como Alcalde da Cidade, me corresponde a fermosa misión de presentarche esta ofrenda, mostra dun pobo agradecido e proba de recoñecemento a Quen, en momentos difíciles, pola enfermedade e a peste que nos asolaba, nos prestou axuda e protección, feito que non esquencemos.

Fai máis de cinco séculos que nos tendiches as túas mans e, continuadamente, ata hoxe, diches mostras do Teu auxilio, cando mailo necesitamos. Por iso, e a través desta humilde presentación, quero poñer un eslabón máis na cadea iniciada polos nosos devanceiros, e ó tempo que che agradezo tódolos desvelos que lle dedicas ó noso Pobo, prégoche que nos sigas protexendo como sempre fixeche. Neste ano 92 no que tiveron lugar acontecementos tan importantes e que darán paso no próximo 93 á celebración do Xacobeo Galego, no que, tradicionalmente Betanzos tivo tanta importancia no paso dos pelegríns, pídoche a Túa mediación para que non se derrame máis sangue inútil por enfrentamentos estériles, e que, a Paz se extenda a tódolos confíns do Universo. Que tódolos betanceiros e galegos teñan unha familia e unha vivenda digna donde se poida desenvolver unha vida de entrega e cariño coma a que Tí tiveches; que se remedien esas lacras sociais da droga, do alcoholismo e do consumismo, que non axudan a unión da unidade familiar tan necesaria para conquerir o equilibrio comunitario; que te ocupes sobre todo, dos que máis te necesitan: dos nenos, para que sempre teñan o cariño e a comprensión que logo poderán transmitir; dos enfermos para que encontren o alivio para as súas enfermedades; dos vellos, para que sexan considerados como se merecen polos seus sacrificios por buscar unha sociedade mellor da que todos disfrutamos e na que desgastaron as súas mellores enerxías e en xeral tódolos colectivos desfavorecidos e marxinados que necesitan especialmente de Ti.



E para rematar, que a Túa xenerosidade permita que tódolos betanceiros e galegos teñamos pan e traballo, e poidamos vivir libremente na nosa terra, sin vernos na obriga de separarnos dela, na percura de buscar outros mundos onde encontra-los, coa rotura da convivencia familiar e o entristecimento dos nosos corazóns por ter que separarnos dos seres que máis queremos.

Que así sexa. Moitas gracias.

Manuel Lagares Pérez

16 de agosto de 1992

Ás doce da noite subiu desde a torre de Santo Domingo o centenario globo de San Roque. Os seus 25 metros de altura, 50 de circunferencia e 110 Kilogramos de peso fan del o máis grande do mundo feito de papel. A súa construcción e lanzamento corre a cargo da Familia Pita desde o ano 1875.



18 e 25 de agosto de 1992

Como é tradicional, centenares de lanchas engalanadas cruzaron estes dous días o río Mandeo para chegar ó campo dos Caneiros, onde música, viño e boa comida encheron de ledicia a tódolos que alí acudiron.

O día 25 quedou ensombrecido polo incendio dunha embarcación que ocasionou queimaduras a dez persoas que nese momento se atopaban dentro.



21 de agosto de 1992

En presencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e de numeroso público, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a entrega de premios dos Xogos Florais que se celebraron dentro da programación "San Roque 92". O acto estivo presidido pola Raíña das Festas, Dona Yolanda Basteiro Sánchez e a súa Corte de Amor. O primeiro premio recaeu no escritor pontevedrés Don X. Carlos Gómez Alfaro.

23 de agosto de 1992

O equipo de fútbol do Fabril impúxose ó Betanzos por dous goles a cero na final do Trofeo San Roque.



25 de agosto de 1992

Na Sala Capitular do Concello, e en acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar o acto de entrega dos premios "Balconadas 92". A pintora madrileña, Dª Isabel Uceda sería a gañadora deste ano.

29 de agosto de 1992

O Betanzos adxudicouse a V Copa Deputación ó vencer na final ó Rancing de Ferrol na tanda de penaltis, despois de finalizar o tempo regramentario cun empate a cero goles. O equipo brigantino tivo que eliminar ós equipos de Meirás e Bergantiños para chegar a esta final.

8-12 de setembro de 1992

Un grupo de nenos brigantinos menores de 12 anos visitaron a Serra do Caurel, actividade promovida pola Delegación de Cultura do Concello e organizada pola Cooperativa de Educación Medioambiental (CEM)

5 de setembro de 1992

O compositor e Director da Agrupación Musical de Pulso e Púa "Carlos Seijo", Don Carlos López García, foi reelexido Presidente da Asociación Galega de Compositores na asamblea xeral desta asociación.



6 de setembro de 1992

Na Sala Capitular do Concello, e baixo a presidencia do Alcalde Don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar un acto de recepción ó Orfeón de Gondomar (Portugal). Entre outros, estivo tamén presente o director da Coral Polifónica de Betanzos, Don Manuel López Castro.

9 de setembro de 1992

Foi aberta ó tráfico a Praza do Cristo, despois das obras de remodelación que consistiron na sustitución do pavimento e na colocación dun novo cruceiro, en sustitución do que antigamente existía.

10 de setembro de 1992

Apareceu na zona do Carregal un camión coa cabina calcinada polo efecto dun incendio que parece ser foi intencionado. O camión era propiedade de Don Andrés Gómez Beceiro, veciño de Betanzos. Os danos foron evaluados en 12 millóns de pesetas.



12 de setembro de 1992

Tivo lugar no Concello unha recepción ós participantes do programa "Aventura 92", que dirixe Don Miguel de la Cuadra Salcedo.

13 de setembro de 1992

Con motivo das festas dos Dolores en Guiliade, elevouse un globo de papel construido polo artesano local Don José Presedo Otero. O globo de 15 metros de alto e 30 de circunferencia, cumpriu este ano o seu 50 aniversario.



18 de setembro de 1992

Logo dunha recepción no Concello, como homenaxe ós socios do Centro Betanzos de Bos Aires celebrouse na Aula Municipal de Cultura unha velada musical, na que actuaron a Coral Polifónica de Betanzos, a Agrupación Musical "Carlos Seijo" e a Banda Municipal de Betanzos.

Setembro de 1992

Son varias as rúas do casco histórico nas que se estiveron realizando obras de pavimentación. Leváronse tamén a cabo traballos de rotulación, tanto na cidade como no medio rural. A realización das placas identificativas das rúas foi realizada en granito por alumnos da sección de cantería da Escola Taller de Betanzos.



20 de setembro de 1992

Tivo lugar no Concello unha recepción ó "Coro de Ingenieros Industriales de Madrid".

21-25 de setembro de 1992

Con motivo do segundo aniversario da Escola Taller de Betanzos, realizáronse unhas xornadas de portas abertas, que tiveron como finalidade o achegamento á sociedade, e ó mellor coñecemento por parte desta das labouras que alí se realizan.

22 de setembro de 1992

Nestes días deron comenzo as obras de reforma interior do Edificio Arquivo. O presuposto para tal fin foi duns vinte millóns de pesetas.

30 de setembro de 1992

Visitou Betanzos a Gobernadora Civil da Provincia, Dona Pilar Lledó Real, quen foi recibida no Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez. →



1 de outubro de 1992

Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha exposición de gravados e debuxos de María Isabel Pintado.

3 de outubro de 1992

Celebrouse na Praza de Enrique IV a tradicional festa dos Alborotados ou Festa do Mosto, Iniciouse a xornada festiva coa tracional ofrenda dos productos da terra á Virxe dos Remedios, para posteriormente levar a cabo o pisado da uva e a degustación do mosto, que este ano estivo ben acompañado por empanada e xamón asado.

Outubro de 1992

Os brigantinos tiveron a posibilidade de coñecer mellor o seu entorno gracias ó programa de Educación Medioambiental elaborado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes do Concello, en colaboración coa Cooperativa de Educación Medioambiental.

Outubro de 1992

Leváronse a cabo obras de remodelación e acondicionamento do cemiterio de Betanzos por obreiros en paro. Isto foi posible tra-lo asinamento dun convenio entre o Concello de Betanzos e o INEM.

15 de outubro de 1992

Debido á crecente demanda dos usuarios, a Biblioteca Municipal veuse na necesidade de ampliar o seu horario. A partir deste día está aberta ó publico de luns a venres de 10 a 13 e de 16 a 20 horas, os sabados de 10,30 a 13 horas do 15 de setembro ó 15 de xuño. E de 10 a 13 horas do 15 de xuño ó 15 de setembro (10,30-13 os sábados).



21 de outubro de 1992

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez visitou, en compañía doutros concelleiros (entre eles Don Francisco Díaz Pereira, en primeiro plano), a Dona Juana Rosende, con motivo do seu 104 cumpreanos

22 de outubro de 1992

Presentouse na Aula Municipal de Cultura a revista "Avelaíña", editada pola Agrupación Lanzós, e da que é director Don Daniel Martínez García. A publicación está dedicada fundamentalmente a temas culturais e artísticos. O acto de presentación correu a cargo do escritor local Don Xulio Cuns Lousa.→



24 de outubro de 1992

Os compoñentes da especialidade de Medio Ambiente da Escola Taller de Betanzos publiaron "Flora y Fauna en el Mandeo betanceiro", orientado especialmente ás actividades de recuperación e rehabilitación das marxes do río Mandeo.

27 de outubro de 1992

Finalizaron as obras de construcción do Centro Social da Ribeira, levantado sobre o lugar que antes ocupaban as instalacións da Cámara Agraria, e que a partir destes días pasou a ser utilizado polos veciños.

30 de outubro de 1992

Presentouse na Aula Municipal de Cultura o número 0 do periódico "Betanzos y su comarca", que edita a Asociación de Empresarios de Comercio de Betanzos. A información das súas 32 páxinas é de carácter heteroxéneo, desde información local a comentarios de opinión. A súa tirada e de dez mil exemplares que son repartidos gratuitamente en Betanzos e a comarca. A presentación correu a cargo de Don Antonio Miguez Rodriguez.→



8 de novembro de 1992

Neste día saíu con destino ó Betanzos de Bolivia o mozo brigantino Javier Ares García, que realizará un viaxe en bicicleta por América do Sur. O camiño a recorrer será duns 20.000 Kms., realizando unha reportaxe fotográfica polos distintos lugares do recorrido. Levou unha mensaxe do Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez ó seu homónimo boliviano. Para esta aventura contou cunha subvención do Concello.

12 de novembro de 1992

Sorteáronse na Aula Municipal de Cultura 40 vivendas sociais do polígono da Condesa, unha vez realizados tódolos trámites para a súa adxudicación.



13 de novembro de 1992

Foron cedidos en concepto de depósito pola Deputación Provincial ó Museo das Mariñas uns 40 traxes rexionais procedentes da Escola de Danza e orixinarios do Ballet Rey de Viana. O acto de entrega tivo lugar na Sala Capitular da Casa Consistorial con asistencia de Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación e o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez. Estes traxes permitirán a creación dentro das dependencias do museo duha sala adicada ó traxe. Don Salvador Fernández Moreda aproveitou a súa estancia na cidade para visitar varias obras que se realizan coa colaboración do citado organismo provincial.

13 de novembro de 1992

O Conselleiro de Sanidade, o betanceiro Don José Manuel Romay Beccaría, pronunciou unha conferencia sobre "Sanidad en la Comunidad Autónoma Gallega" na Aula Municipal de Cultura. A organización correu a cargo da Fundación Cánovas del Castillo.

24 de novembro de 1992

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha conferencia sobre Juan de Betanzos a cargo da Doctora en Historia de América e asesora da "Sociedad Estatal V Centenario", Dª Carmen Martín Rubio.

25 de novembro de 1992

A Consellería de Ordenación do Territorio ven de adxudicar o proxecto de construcción de aceras no cruce das Cascas cun presuposto de vinteún millóns de pesetas.



2 de decembro de 1992

Foi inaugurada neste día a piscina municipal climatizada, por parte do Presidente da Xunta de Galicia Don Manuel Fraga Iribarne, que estivo acompañado polo Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, o Secretario Xeral para o Deporte, Don Eduardo Lamas Sánchez, o Conselleiro de Sanidade Don José Manuel Romay Beccaría, e demais persoalidades. O Presidente da Xunta recordou que a súa construcción foi posible gracias ó acordo e colaboración da Xunta de Galicia, Consello Superior de Deportes e Concello Betanceiro.

4 de decembro de 1992

Cunha inversión de 22 millóns de pts., comenzaron as obras de reparación do antigo edificio do Mercado Municipal de Betanzos financiadas pola Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos..


4 de decembro de 1992

Foi aprobado na Comisión Provincial de Urbanismo, presidida polo Subdirector Xeral de Urbanismo e Medio Ambiente, Don Enrique Acuña, o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos. Á sesión asistíu o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado dos técnicos redactores do proxecto, Don Andrés Albalat e Don Carlos Meijide.



Decembro de 1992

Nun acto celebrado nos salóns do Hotel Riazor da Coruña, e con motivo da conmemoración do "Día do Voluntario", polo Presidente da Cruz Vermella de Galicia, D. Pedro Martínez, foille imposta ó noso conveciño, Don Marcelino Álvarez López, a Medalla de Prata daquela institución. →



10 de decembro de 1992

Iniciáronse as obras de rehabilitación do edificio do antiguo Hospital de San Antonio. As obras dependen do Ministerio de Xustiza, a quen lle cedeu o Concello o edificio para xulgados.


16 de decembro de 1992

A Delegación Municipal de Cultura e Deportes editou un variado programa de actividades para as festas do Nadal, con representacións teatrais, festivais infantís, actuacións musicais, etc.



21 de decembro de 1992

No Museo das Mariñas tivo lugar inaugurouse o conxunto expositivo adicado ás antigas escolas e, dun xeito especial, ós Irmás García Naveira. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, quen entregou ós membros da familia dos filántropos un recordo. Entre as diversas personalidades presentes, estaba Don Antón Costa Rico, Director do I.C.E da Univ. de Santiago.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1992
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 31 DE
XULLO DE 1993